

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

ANO 3 | Edición nº 34 | Outubro de 2017 | Prezo 2 euros

Un millón de euros de investimentos para Sober



Páxina 9

Nova reforma da estación de Ourense



Páxina 13

O Porriño di "non" á proposta de ADIF



Páxina 18

Os socialistas gañan as Autárquicas en Portugal



Páxina 21

A Xunta inicia o trámite do BIC da Ribeira Sacra



Páxina 24



A urbanización do Centro de Saúde do Couto rematará en outubro

Páxina 22

Entrevistas



Gonzalo Caballero e Juan Díaz Villoslada, candidatos á secretaría xeral do PSDeG



Páxina 4 e 5



Carme Santos, secretaria xeral de Podemos Galicia

Páxina 7



centro médico
EL CARMEN



NUEVAS INCORPORACIONES

José Manuel Gómez Sousa
INTERNISTA

Inmaculada Rodríguez
HEMATÓLOGA

Jesús Vidal
TRAUMATÓLOGO

Sheila Rodríguez
URGENCIAS

Paola Quintás
DIGESTIVO

Nº Autorización Sanitaria C-32-00117



www.centromedicoelcarmen.es

Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Rajoy atravesa toda liña vermella

A represión desenvolvida polo Goberno do Estado para evitar o referéndum catalán foi impropia dun réxime de liberdades. Atravesou todas as liñas vermellas da proporcionalidade democrática e xerou noxo e incredulidade no mundo todo. Máis de 850 feridos en actuacións desproporcionadas, moitas veces mesmo mallando a eito en persoas indefensas. Alén dalgún caso illado no que pode haber responsabilidade individual dalgún funcionario, a responsabilidade desta represión pertencelle só aos responsábeis políticos do Goberno de Rajoy, que ordenaron un conxunto de intervencións propias do réxime turco ou

mesmo do franquismo, xogando con milleiros de funcionarios sen abeiro legal, xa que ninguén lle quitou aos Mossos a competencia integral en seguranza cidadá e como policía xudicial.

Ou sexa que a represión foi inmoral, desaxelada, ilegal e antidemocrática. Mais foi, tamén, un grandísimo erro. Segundo o relato do Goberno do Estado (asumido por moitos que hoxe, en troques, arripiaron diante da intervención gobernamental) o referéndum era ilegal, estaba prohibido polo Constitucional e non había garantías ningunhas no seu desenvolvemento. Se é así, que sentido tiña mallar na xente indefensa para evi-

tar unha votación que non podía ter efecto xurídico ningún?

O Tribunal Superior de Xustiza de Catalunya ordenaralle aos Mossos (e só aos Mossos) impedir a apertura dos colexios antes das 6 a.m. do domingo. E o Maior da policía catalá, Josep Lluís Traperó, actuou coma un profesional, dispoñendo executar o mandato xudicial sempre que non se derivasen males maiores da intervención. A regra básica de calquera policía democrática.

O efecto na Europa foi abraiante. Os gobernos escandinavos, bálticos, escocés, vasco e mesmo o do Reino Unido amosaron xa o seu rexeitamento. A Ge-


neralitat anunciou accións contra España perante as institucións da UE, por vulneración dos valores fundacionais da Unión e agresión á súa propia cidadanía. Bruxelas non pode ficar impasíbel diante da vulneración dos dereitos fundamentais de milleiros de cidadáns europeos.

Mentres, as declaracións dos unionistas (Rajoy, Rivera e Pedro Sánchez) na noite do domingo amosaron que seguen sen se enterar que o desafío democrático catalán non vai de partidos nin de líderes, senón que se basea nun movemento social pacífico, interclasista e transversal.



Humor

Por Felix



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.
PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.
MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.
CANARIAS: Fco. Puñal.
NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)
Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

NOVAS DO **EIXO ATLÁNTICO**
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

Por Guillermo Rodríguez

Que vai pasar en Cataluña (II)



Poderíamos comezar esta historia naqueles tempos históricos no primeiro milenio antes de Cristo en que os celtas da Europa do Leste se asentaron no actual territorio catalán mesturándose coas tribus alí existentes. Xa no século VIII a.C. os gregos comerciaban coas súas colonias, Emporium, Rhoda (Roses). Podemos atopar rastros gregos en pequenas vilas como Vall de Santa Creu, entre Llança e Port da Selva.

O afundimento dos 300 barcos nos arredores de Can de Creus durante o século V indican a fortaleza do comercio nesta parte da Península Ibérica.

No ano 218 antes de Cristo os romanos fixéronse cargo de Emporion. Alí estiveron ata a século III despois de Cristo practicando a agricultura e o comercio, o que proba a expansión xeográfica como Barcino (Barcelona) e Tarraco (Tarragona). Despois disto os “bárbaros” alemáns tomaron o relevo. Os visigodos que entraron polo Norte declararon a Barcelona como capital, integrando a Cataluña dentro do reino de Toledo. No 716 España foi ocupada polos árabes; parte dos catalán fuxiron emigrando aos Pirineos e ao imperio Franco. Logo da derrota de Roland en Roncesvalles, en 778, Carlomagno vese na obriga de confiar a conquista aos condes cristiáns de Girona establecidos na fronteira. Un deles convertese en gobernador. Os novos territorios foron asignados aos gobernantes carolinxios como feudos e Barcelona pasa a ser o centro das posesións dos francos na Península.

Co esvaecemento do imperio franco nos séculos IX e X os condes de Barcelona aproveitan a súa posición dominante e fanse cargo do dominio da cidade desentendéndose de Francia. Combateron aso musulmáns, ampliaron os seus dominios a través de matrimonios establecendo alianzas entre o condado de Barcelona e o reino de Aragón..

Ramón Berenguer I, conde de Barcelona entre 1035 e 1076 asentou en Cataluña as bases da súa estrutura política por medio da unión das “Cortes” e a proclamación dos “Usatges” (Hábitos) cos

que se controlaba os dereitos e os hábitos do país.

Neste sentido, Ramón Berenguer rebai-xou drasticamente o poder do rey. O conde Ramón Berenguer IV casa con Petronella de Aragón. Desde o século XII ao XV Cataluña e Aragón formaron un reino común, aínda que cada país mantivo a súa propia administración. Aquí comeza un período de prosperidade extraordinario. Creáronse empresas e o mercado e a banca prosperaron. Barcelona comerciaba con Oriente entrando en competencia con Venecia e Xénova, principais portos de Italia. Aquí co crecemento da burguesía urbana comezou o desafío as estruturas feudais en cidades e vilas. Sobre 1160 escribiuse o primeiro texto catalán conservado “Las Homilias de Organya”; pouco despois establécese un goberno municipal en Barcelona; o Consell de Cent (Consejo de Ciento) e comeza a construción da catedral gótica de Barcelona, ano 1298.

Se damos un salto no tempo chegamos aos séculos XVI ata o XVII en que España estivo baixo o reinado da Casa de Austria, con Carlos V e sucesores. Durante esta monarquía Cataluña convertese nun estado autónomo mantendo as súas institucións tradicionais. Cataluña xoga un papel secundario fronte aos asuntos do país incluídos os intercambios con o Novo Mundo porque todo se concentraba en Sevilla. Sen embargo isto non foi atranco para que as actividades económicas e industriais experimentaran un impulso importante, ata o punto de que os soberanos acudiran aos cataláns en busca de axuda para as tropas na Guerra dos Trinta Anos..

En 1640, os cataláns acabaron por levantarse en armas contra o país na Guerra del Segadors apoiados por Francia. Proclamouse, logo, unha república independente baixo protectorado francés, foi entón cando a monarquía española acabou recoñecendo a Constitución Catalá.

O pleito dinástico entre as casas de Borbóns e Austrias, á morte de Carlos II (1700) convertese nunha guerra interna. A proclamación da monarquía hispana do duque Felipe de Anjou, neto de Luis XIV,

co nome de Felipe V provoca un enorme rexeitamento. Este rei convoca a Corte Xeral de Cataluña e realiza importantes concesións aos cataláns, aínda que en Cataluña existira un amplo e profundo sentimento antifrancés e antiborbónico que vai tomando corpo en forma de movemento político clandestino. Aquí teñen moita culpa as políticas represivas das autoridades reais.

En 1705 a resistencia catalá asina con Inglaterra o Pacto de Xénova polo que Inglaterra declara recoñecer as institucións cataláns, que permitiu o desembarco aliado en Barcelona, a rebelión xeral dos cataláns e a proclamación de Carlos III como rei dos cataláns. Abriase unha nova fronte nesta que foi a 1ª guerra civil hispánica.

A Corte Xeral de 1705/1706 convocada e presidida por Carlos III supuxo o momento do despegue máximo da pactista política catalá. A batalla de Almansa (1707) provoca a ocupación borbónica do País Valenciano, Aragón e as comarcas occidentais de Cataluña. Felipe V abolíu os foros dos reinos de Valencia e Aragón por “dereito de conquista. Isto foi determinante para o comportamento dos cataláns nos anos seguintes.

En xullo de 1713 as tropas aliadas abandonan Cataluña e deixan o campo libre as tropas borbónicas. Os cataláns convocan a Xunta Xeral de Brazos ou Parlamento do Principado. Nel tomase a decisión de resistir o ataque borbónico, cousa que causa estranxeza e admiración nas Cortes europeas. Politicamente, aquí deu comezo o momento republicano.

A Conferencia dos Tres Comúns (Generalitat, Consejo de Ciento e Brazo Militar) fíxose cargo do goberno de Cataluña. Organiza a defensa e abastecemento mandando embaixadores as antigas capitais aliadas.

O combate era desigual. Os cataláns contaban con dúas prazas fortes: Barcelona e Cardona, así como os civís encadrados na Coronela (milicia urbá). As tropas borbónicas chegaron aos 90 mil soldados. A resistencia durou 14 meses

impre-
sio-
nando á
opinión
publica

europaea e serviu para abrir un debate no seo da política de Inglaterra. As tropas borbónicas de Felipe V entraron a saco. Arrasaron Barcelona e colgaron aos seus máximos defensores. Houbo actos de terrorismo militar en toda Cataluña. As protestas foron castigadas con castigos colectivos. Practicaron o “diezmo de forza”, ou sexa, mataban a un de cada dez que detiñan, así como as execucións “sen estrépito de xustiza”, ou sexa, sen procesos que xeraran documentación. Nas vilas as tropas saquearon e roubaron para sustentarse e para alimentar aos seus cabalos. Isto era ordenado dende a corte borbónica. O rei non tiña recursos para manter alí tantos soldados. De aquí sae a frase “Madrid nos rouba”

Este Réxime de terrorismo militar prolongouse aínda despois do Decreto de Nova Planta de Cataluña (1716), cunha contundencia inusitada en períodos de paz. O Decreto de Nova Planta instaurou un goberno de carácter absolutista, mantendo en Cataluña 25 mil soldados durante máis dun século.

Aínda así, a resistencia continuou no interior do país e no exilio provocando a nivel internacional o que se chamou “o caso dos cataláns”. A derrota de Cataluña a mans das tropas de Felipe V supuxo a supresión das leis e institucións cataláns e a imposición “manu militari” do dereito de conquista.

Hoxe temos un problema en Cataluña. Nós non imos entrar a dar solucións, so queremos lembrar que discursos reais coma o que nos agasallou o novo Borbón non van terminar co problema catalán. Máis ben poden avivalo. Hoxe sería terrible un enfrontamento directo entre o poder do Estado, co que iso significa, e os millóns de cataláns dispostos a xogar o tipo pola defensa dos seus históricos dereitos. O que lance a pedra será responsable dos seus efectos



Entrevista

Por Pilar Martínez

Entrevista | Gonzalo Caballero, candidato á secretaría xeral do PSdeG

“Queremos un PSdeG máis forte para protagonizar o cambio de goberno na Xunta”

Se o vindeiro 8 de outubro Gonzalo Caballero (Ponteareas, 1975) resulta elixido secretario xeral do PSdeG tentará acometer unha renovación integral do partido coa vista posta na recuperación do goberno galego para as forzas de esquerda. Neste sentido, e aínda que non quere afondar nos posibles acordos co BNG e En Marea, cita como referentes os gobernos de Fernández Laxe (1987 – 1990) e Pérez Touriño (2005 – 2009).

1. Na presentación de avais para concorrer á elección como secretario xeral dos socialistas galegos superou claramente aos seus oponentes, con 2.297 avais seus, 1.803 de Fernández Leiceaga e 1.790 de Díaz Villoslada. Percibe polo tanto un claro respaldo ao seu proxecto?

Vimos de pechar a primeira fase das primarias, coa presentación dun alto número de avais, polo que temos as expectativas iniciais superadas, aínda que o importante será o número final de votos. Por iso seguimos traballando para os e as militantes apoiem o noso proxecto de renovación do PSdeG.

2. Neste contexto, ve factible a posibilidade dun pacto con algún dos outros candidatos?

Queremos manter a mesma folla de ruta que iniciamos en xullo, que consiste en percorrer a maioría das agrupacións de Galicia. Agora non podemos modificala.

3. Efectivamente, as súas redes sociais amosan o percorrido que está facendo polas agrupacións do PSdeG. Como está vivindo estas reunións? Que ambiente nota nestas visitas?

Ten sido un traballo intenso, pero despois de dous meses percorrendo as agrupacións percibimos que hai unha importante base social que está pedindo un cambio de ciclo. Neste sentido estamos moi satisfeitos de ter iniciado este proxecto para que haxa un cambio no panorama político galego.

4. Hai algunha mensaxe en particular que lle transmiten os militantes?

Hai distintas opinións e recibimos diferentes propostas, unhas máis orgánicas e outras máis relacionadas coa situación de Galicia, pero o denominador común é que os militantes son conscientes de que o PSdeG necesita un cambio, porque desde 2009 non fomos quen de construír unha alternativa ao PP.

5. Que obxectivos quere cumprir se no vindeiro mes de outubro resulta elixido secretario xeral dos socialistas galegos?

Nós consideramos que o PSdeG ten que cambiar de rumbo e apostar por un proxecto renovador nas liñas da acción política e fortalecer o PSdeG para propiciar un cambio político en Galicia e combater as políticas nas institucións e na rúa. Somos a alternativa ao PP porque representamos



a esquerda. Temos que ser a alternativa útil para Galicia.

6. Nestas circunstancias como enfoca as relacións co BNG e En Marea?

Nós agora temos que fortalecer o noso proxecto e a partir de aí teremos que establecer os pactos políticos en cada convocatoria electoral; en cada unha delas teremos que ver a nosa folla de ruta. Nós somos a esquerda con capacidade de liderar gobernos de esquerda e nese ámbito temos experiencia, como son os gobernos que encabezaron González Laxe e Pérez Touriño.

7. Considera factible unha alternativa ao PP no goberno da Xunta?

A democracia implica necesariamente a alternancia e nós temos que ser quen de construír unha alternativa. O goberno do PP rematará sen impulsar a economía galega, cun tecido industrial feble, con recortes nos servizos público... Está claro que nestas circunstancias é fundamental artellar unha alternativa ao Partido Popular.

8. Que valoración fai do goberno de Vigo?

Gobernamos en tres das catro deputacións e moitos concellos galegos, polo que temos unha experiencia de goberno contrastada. No caso de Vigo é un exemplo de goberno cun gran respaldo cidadá. Temos que compatibilizar a xestión cun exemplo de políticas en clave galega que nos permitan retirar a Feijoo porque as decisións que aplica na Xunta implican uns tremendos recortes á sociedade galega.

9. Pensa que o goberno de Abel Caballero é un freo ás políticas do PP?

Vigo é a cidade máis importante de Galicia e cun amplo respaldo. Neste sentido está centrado en cuestións municipais e o reto de desbancar a Feijoo competéanos a todos os galegos.

10. Que lle diría aos militantes socialistas que teñen dúbidas para elixir ao seu secretario xeral para animalos a respaldar o seu proxecto?

Quero trasladarlles a mensaxe de que o PSdeG necesita apostar por un cambio de rumbo e o noso proxecto está centrado na renovación. Pensamos que o inmovilismo é un erro tremendo. Por iso o noso compromiso é facer un PSdeG máis forte para protagonizar un cambio de goberno na Xunta.

Leiceaga renuncia á súa candidatura

O domingo un de outubro dous dos tres candidatos á secretaría xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero e Xaquín Fernández Leiceaga, asinaban un acordo entre os dous de cara o congreso dos socialistas galegos o 8 de outubro.

Neste acordo unha das candidaturas continuará para adiante, a de Caballero, mentres que a de Leiceaga retirárase e dará apoio á primeira. As cousas quedan así, Caballero será candidato á secretaría xeral, mentres que Fernández Leiceaga continuará como voceiro parlamentario do grupo socialista.

Na presentación do acordo o

luns dous de outubro, Leiceaga declarou: "Compartimos un proxecto que consiste en abrir un novo ciclo político para o PSdeG, que deixe atrás as dificultades e os problemas do pasado". Pola súa banda, Gonzalo Caballero sinalou que "a nova política consiste en dar o peso da decisión aos militantes" e que a esa nova política "tamén é vontade de acordo e transparencia".

Juan Díaz Villoslada sinalou este pacto como unha manobra da "vella política" que segundo o candidato, veu dominando as sinerxias do PSdeG nos últimos anos.



Por Moncho Mariño

Entrevista a Juan Díaz Villoslada, candidato á secretaría xeral do PSdeG

“Os avais non son un cheque en branco”

Esta entrevista realizouse un día despois de que Gonzalo Caballero e Xaquín Fernández Leiceaga, formalizasen un pacto de candidatura para as primarias do PSdeG. As palabras que recollamos do candidato Juan Díaz Villoslada reflicten non un estado de ánimo, senón unha actitude de “era de esperar”. Pero aínda así, mantén a súa axenda, as súas posicións e mesmo abraza a idea dunha reforma profunda do partido en Galicia.

-Como tomou o pacto de onte entre Caballero e Leiceaga?

-Se digo que por sorpresa igual mentía, porque xa había algúns indicios máis ou menos velados por parte dos dous candidatos, de que podería haber algún acordo semellante. Entón moita sorpresa non, pero si que o recibo con certa frustración, porque creo que é faltar un pouco ao respecto a toda a militancia que avalou a candidatura agora retirada, a de Leiceaga. Penso que se unha vez presentado para ter os avais, tés a obriga, política, moral e democrática de seguir para adiante coa candidatura. Os avais non son, como eu digo, un cheque en branco. Eu diría a esa militancia que agora se sinta libre de votar a quen queira. Non me parece o máis oportuno nin respecta o sistema democrático interno de primarias.

-É iso o que vostede chamaba “vella política”?

-Si. É ao que vimos asistindo nestes últimos anos no partido en Galicia. Se queremos construír unha nova etapa dentro do partido con forza e con unión, deixemos falar a militancia o día oito de outubro. Para o outro día os dous ou os tres, teremos moito de que falar, para construírmos xuntos o partido, baixo o liderado de quen teña a secretaría xeral. Pero creo que nesta semana precisamente, entre avais e votación, non me parece o máis acertado. Entón, eu si que aí identifico con formas vellas da política, cando eles falan de tanta mesa camilla é fan un pacto, e eses pactos sabemos todos, se non queremos facer trampas ao solitario, que levan canda si un pacto, un reparto de cousas.

-Cando fala de “vella política” fala dunha ausencia de proxecto no PSdeG?

-Eu penso que non, que a militancia sabe o que quere. Un partido, forte, unido e con capacidade para enfrontarse ao PP de Galicia cun marcado acento galeguista, que é un sinal de identidade dos socialistas e para levar adiante políticas progresistas. Isto a militancia teno claro, pero parece que non se teña claro ás veces, por parte de certas élites.

-Con “determinadas élites”, quere dicir “baronías”?

-Non, refírome a compañeiros que levan moitos anos xa nestas batallas internas, batallas no mellor sentido da palabras.

Pero os dous levan máis de vinte anos nestes temas, entón cando temos un novo vento a favor despois das primarias federais, se nas que se viviu o que se viviu, facer estes xogos non me parece o máis recomendable. Eu creo que a militancia, se ve esta forma de actuar, é cando quere sacar adiante candidaturas como as de Pedro Sánchez. É dicir, hai moitas formas de facer este tipo de pactos.

-En tal caso, considera que logo do día oito acabarán as liortas internas?

-Deberíamos. Porque ese é o grande reto que temos. Penso que temos que saír o día nove repectando o voto da militancia, respectando e traballando xuntos e xuntas baixo a nova secretaría xeral do partido e sendo capaces de integrármolos nunha nova dirección. Estamos diante dunha grande oportunidade, non podemos desaproveitala.

-Facendo un pouco de cábalas, entraría nunha candidatura a tres se llo ofrecen neste momento?


-Creo que neste momento non. Agora mesmo non ten sentido porque estamos nun proceso no que temos pedido avais á militancia e agora temos que chegar ao día da votación.

-Non é que quede moito tempo, pero antes do día oito, vostede fará cambios no seu discruso como candidato?

-Levo semanas elavorando medidas, presentando propostas dentro dunha perspectiva programática xeral, que son o resultado de moitas aportacións por parte de compañeiras e compañeiros, con encontros coas agrupacións coas que teño contacto, por tanto, non tería sentido facer cambios no discurso e no programa. Outra cousa é que un reaccione no día a día sobre os acontecementos. Por iso a miña liña seguirá sendo insistir nas mesmas medidas e propostas, máis aquelas que vaian saíndo esta semana nos encontros previstos cos compañeiros e compañeiras.

-Juan Díaz Villoslada secretario xeral do PSdeG, integraría no seu equipo a Leiceaga e Caballero?

-Sempre ofrecería unha integración de todos e todas as compañeiras. Tanto deles como daqueles compañeiros e compañeiras que, traballando con eles, teñen valía. Porque a teñen, de aportar ao partido. Pero sempre o faría baixo a premisa de que non



se incorpore ninguén en representación de ninguén, senón para abrir unha nova etapa na dirección do partido.

-Ve o PSdeG inscrito só na política municipal durante moito tempo?

-Se non actuamos con forza e convencemento a partir do día oito, pois si. Porque a forza que temos hoxe a nivel municipal é importante, tamén a nivel de deputacións, pero necesitamos máis partido, evidentemente, para atacar as políticas autonómicas e ver de facer cousas en sanidade, educación, dependencia ou emprego. Por iso, temos que dar ese paso adiante para non estar só no ámbito municipal.

-Como militante socialista, que lle respondería a quen diga que o PSdeG perdeu a esencia da esquerda.

-Pois que algo diso hai, algo diso houbo e tivemos etapas recentes no pasado, nas que perdemos certa coherencia. Entre o noso ideario e o que acordamos, entre o que prometemos e o que conseguimos levar adiante. E esa perda de certa coherencia restounos credibilidade, por tanto confianza e ese é un dos retos que temos, recuperar a coherencia, unha vez que estamos posicionados na esquerda, nunha esquerda de goberno, con experiencia de xestión, na nova etapa que ten aberta o partido a nivel federal.

-E a esa esquerda chamárlle socialdemocracia?

-Si, eu reivindico o papel da socialdemocracia pero realmente desde o punto de vista social. Cando a socialdemocracia ten fallado no contexto da grande recesión en toda Europa, é porque se pregou por moi-

tas razóns, ás políticas neoliberais. Isto logo pasa factura. Creo que temos que repositionarnos na socialdemocracia, é imprescindible para retomar e avanzar doutra forma no modelo social europeo e español.

-Como secretario xeral do PSdeG, cal sería a primeira proposta que lle presentaría a Pedro Sánchez?

-Á parte de cofigurar a nova dirección, o que temos que facer en Galicia é levar adiante unha conferencia política. Esta conferencia dentro do marco federal do partido, por tanto coa secretaría federal do partido e coa dirección, pero necesitamos escribir un novo proxecto para Galicia, despois de tantos anos e tantas cousas que teñen pasado.

-Ese novo proxecto podería ser un modelo como o PSC?

-Xa me teñen preguntado moito por este punto, pero non. Non iría a unha situación de realmente independizar o PSdeG do PSOE. Creo que o PSdeG ten identidade e historia propias, pero eu seguiría traballando coa miña formulación dentro do esquema federal.

-Como socialista, non sente remorsos ou culpa de ver ao PP tantos anos na Xunta?

-Como cidadán si e como socialista por suposto. Por iso creo que temos que fortalecernos de novo, sermos capaces de que as políticas do PP non sigan no ámbito de Galicia. Non só porque sexa un partido ou outro, senón porque hai que facer outras políticas para que os problemas da xente no día a día, se resolvan doutra maneira e non no neoliberalismo máis duro.

Opinión

Por Ramón Coira Luaces

Pola República Galega

A ruína de Galiza é poñer a outra meixela, perdoar e ser leais a quen nos oprime e escraviza. Así nunca sairemos do pozo no que estamos. Se non o fixestes xa, ides ter que posicionarvos en varios asuntos: a favor ou en contra da democracia. A favor ou en contra de Galiza (a nosa patria natural ou matria). A favor ou en contra do socialismo. Defendamos os nosos dereitos e axudemos a construír unha patria ceibe e soberana na que

haxa moita máis xustiza social. Ás veces hai que facer de tripas corazón e botarse a andar; pois a única alternativa que temos á servidume é a solidariedade e a rebeldía. A quen verdadeiramente temos que rendirle contas é ao noso corazón e á nosa conciencia. Se queredes ser cristiáns, practicade cos vos@s irmáns e irmás e non cos inimigos de Galiza. E tomade nota: o cristianismo dos fascistas e imperia- listas nunca lles impediu asasinar, vio-



lar, torturar e roubar. As cousas hai que procurar velas en color, pero non sempre é posíbel, así que entre entre o branco e o negro está o gris. Preservar a paz é moi importante, porén o pobo e a nación galega teñen dereito á lexítima defensa e a axustar contas cos seus verdugos e opresores do pasado e do presente. E o ideal sería que se poidese facer pacífica e legalmente. Nunha verdadeira democracia sería posíbel.



Carta a un irmán

Houbo non hai moito un aspirante a garda civil que se negou a xurar a bandeira española. Chamábase Miguel Limia e coido lembrar que manifestou

ou deu a entender que a súa patria era Galiza e que só se sentía galego e non español. En pouco tempo fixo moito. Naturalmente, os españolistas expulsárono

d o legos e traba- o Estado mos ser temos que ser sumisos e baixar a testa. Aguantar aldraxes, se se terciá, pero nunca

Corpo. Os ga- galegas que llamamos para non pode- orgullosos, temos que ser sumisos e baixar a testa. Aguantar aldraxes, se se terciá, pero nunca

atrevernos a aldraxar nós. Denunciárono os seus propios "compañeiros" españois; perdeu a batalla xudicial (porque a Xustiza española é de risa) e quedou sen traballo. Que me perdoe se falar así del non lle favorece, porén eu coido que fixo algo grande. Ánimo, compañeiro!

Os sindicatos

Os sindicatos, especialmente, os que non foron domados e castrados polo Réxime teñen moito que dicir. Incluso as bases e algúns dirixentes dos primeiros tamén. Que sería de nós sen os sindicatos? Porén non é o mesmo estar na CIG que en CSIF. Nin na CIG que en CC.OO. Pois non da igual ter unha certa simpatía ou un certo compromiso co teu país e cos seus traballadores que non o ter. Por iso, lembro con agradecemento os compañeiros que fundaron en Bonxe a CIG-prisións nunha época difícil e nun ambiente ben pouco propicio. Os gobernos españois e o españolismo en xeral -uns máis que outros- sempre fomentaron que os galegos reneguesmos da nosa terra, hostigando e neutralizando -discreta pero intensamente- aos máis comprometid@s e premiando aos máis indign@s.

No entanto, agora falo dos sindicatos en xeral das distintas nacións do Estado e coido que teñen moito que dicir. É neces-



sario cooperar e dialogar entre todos e todas as persoas democratas para derrotar o nacionalismo máis feroz, antidemócrata e intolerante da península: o español. Pero ao mesmo tempo

somos conscientes que non todos os españois están con este goberno nin con este Réxime e que hai quen defende o diálogo e a solidariedade coas nacións do Estado desde o respecto e a igualdade. Non o esquecemos, aínda que lamentablemente están en minoría.

Eu aprobei unha oposición ao Ministerio de Xustiza e, a pesar das apariencias, sempre procurei ser xusto, desde a miña óptica galega,



claro está. Teño dito chorradas e feito o ganso porque nese momento en concreto non puiden facer máis. A loita pola xustiza e a dignidade é unha loita individual e colectiva, na que todas e todos podemos e debemos facer a nosa aportación. Castelao era un home de paz, pero non renunciaba á lexítima defensa. Así que, procuremos ter paciencia e tranquilidade...

Concepción Arenal e Victoria Kent, dúas nais para a poboación reclusa

Ambas as dúas, aínda que en épocas distintas, intentaron humanizar as prisións. Traballo que fixeron -coido eu- con amor, afecto, cordialidade e respecto. E non con odio, desprezo ou indiferenza polas persoas privadas de liberdade. Nas prisións non só se custodia á xente, tamén se lles atende, ensina, axuda e corrixe. Porén non por ser muller eres apta para facelo,

pois tamén as falanxistas traballaron nas prisións e, desde logo, non deixaron ese bo recordo... As dúas proviñan do mundo do Dereito. A primeira foi Visitadora de Prisións no s.XIX e a segunda, Directora Xeral de Prisións durante a II República. Porén non vos vou falar delas, pois tampouco son un experto; investigádeo por vós mesmas ou mesmos, se tedes interés. O que si coido é que as novas xeracións



de funcionarios e funcionarias de prisións deberían estudar isto no temario.



Por Ramón Coira Luaces, funcionario de prisións xubilado

Por Moncho Mariño

Entrevista a Carme Santos, secretaria xeral de Podemos Galicia

“O valor de Podemos non está nos seus cargos nin nas súas persoas liberadas”

Carmen Santos (Porto do Son, 1981), chegou á secretaria xeral de Podemos Galicia logo dun proceso de eleccións internas, que para moitos contrarios á formación lila, era un enfrontamento entre faccións e a fractura anunciada de Podemos en todo o Estado. Non obstante, Podemos Galicia está aí, correntes seguen dentro da formación e de cando en vez, na prensa salta algunha posíbel ameaza de ruptura. Falamos con Carmen Santos sobre estes temas e outros relacionados co día a día en Galicia.

-Cal é a súa diante da denuncia presentada polo secretario xeral de Podemos Arzúa, quen ten un expediente aberto na formación.

-Realmente non temos nada que dicir. Todo está en mans da xustiza e non temos ningunha valoración engadida que facer. Internamente temos claro o que hai que facer, pero deixemos que a xustiza faga o seu traballo.

-A día de hoxe séntese respaldada por toda a organización en Galicia?

-Organizacións como Podemos Galicia, ten uns procesos de elección democrática e aberta á cidadanía, e con eses mecanismos establécense as persoas que deben ter o liderado orgánico, político e de representación do noso proxecto. Os inscritos foron claros cando ditaminaron a súa posición en posteriores procesos, aínda que non foron unhas votacións directas á miña persoa, sabía da súa alta participación apoiando as posicións que eu defendía publicamente, tamén manifestaron en que liña estaban. O valor en Podemos non está nos seus cargos, nin nas persoas liberadas ou contratadas, que é algo que se falou en Vista Alegre, o respaldo están pois no que se votou nas diferentes consultas.

-Que tería que dicir aos apuntes sobre ruptura en Podemos, tanto nun nivel autonómico como estatal?

-O importante é, como dicía Pablo Echenique, ninguén ten a obriga de estar en Podemos. Cando se vota unha serie de temas, como unha determinada estrutura ou delegando competencias, pois diante diso hai que ser democrata e aí defenderemos a transparencia. Por tanto, se hai alguén que non está dacordo co que votan as persoas inscritas, ten toda a liberdade para deixaren Podemos. O espírito da nosa organización, tanto cando se iniciou como despois nas asembleas cidadás, non hai nada por riba das

assembleas de inscritos e inscritas. Voces críticas, baixo a miña percepción, minoritarias, pero que están na organización e que teñen dereito a discrepar, non están por riba da asemblea de inscritos e inscritas, por tanto terán que tomar a decisión pertinente se queren seguir sumando para facer un cambio político neste país a través desta ferramenta ou queren seguir outro camiño. Pero a maioría da organización ten claro que é a maioría lexítima e a unión faíños máis fortes para poder cambiar o país.

-Vivimos na terceira maioría absoluta do PP en Galicia con Alberto Núñez Feixóo. O PP é inamovíbel?

-En absoluto. Independentemente de que isto é proceso histórico e que para moitas de nós queríamos un cambio político desde moito antes, ese cambio para nós é imparábel. Comezou nas cidades, comezou coa irrupción de Podemos en 2014 nas eleccións europeas, logo coas municipais, demostra que hai un clima de cambio neste país. En Galicia a unidade popular ou de forzas, demostra que en Galicia hai un espazo de cambio social que medra. Houbo ciclos de menor e maior intensidade, pero ese xerme resiste fronte as estruturas caciquís do PP, que é a súa forza ademais do medo mediático que exerce co control férreo dos medios de comunicación e por cuestións relativas a unha sociedade máis envellecida que lles custa máis aceptar os cambios.

-Pero dentro do cambio xeracional hai moita xente nova que vota ao PP. Non é preocupante.

-Isto depende da nosa capacidade de traballo para vencer as redes clientelares e toda a manipulación informativa que existe. Tamén é evidente unha desafección política, hai moita xente que practica a abstención, Podemos mobilizou un eleitorado que non votara nunca e que segue sendo fiel a iso. Cando falamos de

cambio xeracional é polos datos que saen no CIS, sabemos quen é a maioría de voto que aglutina Podemos, Unidos Podemos ou En Marea, non é cuestión que inventemos nós. Tamén hai xente maior que nos vota e sendo conscientes do que votan.

-Xa que falou antes de medios, no caso de que Podemos dentro de En Marea, chegasen ao goberno da Xunta, retirarían as axudas públicas aos medios de comunicación?

-Podo falar como secretaria xeral de Podemos, non é xustificábel o uso de medios públicos para favorecer a ningún goberno. Se van dar axudas públicas, que é algo lexítimo e que nós cumpriríamos no caso de dárse os requisitos sociais e de liberdade e pluralidade, con todas as cuestións que defendemos e se se participa en concorrencia de igualdade, non nos oporemos a iso e veríase cando se articulasen os orzamentos. Pero nós estamos en contra do uso partidista de cartos públicos para perpetuar a partidos políticos no poder enganando e terxiversando a información. Ese é realmente o punto importante, non digamos xa as canles públicas.

-Seguimos coa hipótese de entraren nun goberno da Xunta, reformarían o estatuto ou pedirían as competencias que faltan?

-Teríamos que facer un debate amplo. Non podemos pregarnos, sabemos que temos que tender á federalización, e os nosos compañeiros a nivel estatal tamén o teñen moi claro. Hai unha realidade histórica no noso estado e en Galicia. Para cubrir as necesidades de galegos e galegas de maneira xusta, necesitamos maior teito competencial. Pero realmente o problema é o modelo territorial do 78, obsoleto e que debe ser reformulado. O modelo está esgotado e hai que crear un proceso constituinte para reformar o modelo territorial, recoñecendo as diferentes sensibilidades que



existen no estado e das nacións que existen dentro do estado pero dentro dun marco que respete a unidade do estado. Queremos un recoñecemento desde a unidade e o respecto e a soberanía dos pobos a decidir que queremos formar parte deste estado.

-Menos de dous anos para as municipais. Cal é o traballo que está desenvolvendo Podemos Galicia de cara a esas eleccións?

-Estamos traballando con todas as formacións amigas e aliadas para formar candidaturas de unidade, como dixemos despois de Vista Alegre, que era a aposta de Podemos Galicia nas autonómicas, o modelo de Podemos Galicia está en sintonía con Vista Alegre II, fomentamos espazos de unidade. Os espazos de unidade son os que onde teñamos persoas que comparten o noso modelo municipal con eles conformaremos candidaturas. Pero tamén temos claro que Podemos é unha forza autónoma que ten que marcar as súas liñas coas formacións e persoas coas que compartimos programas e puntos en común. Isto tamén nos serviu para ver que temos grandes compañeiros e compañeiras de viaxe cos que queremos seguir.

-Vostede traballou no Instituto de Investigacións Mariñas dependente do CSIC. Cales serían os puntos que poría sobre a mesa para a mellora nas condicións laborais da pesca?

-A precarización laboral na pesca, o abandono da Xunta de Galicia coa súa falta de diálogo e interacción coa xente do mar. Está pasando unha factura a un sector estratéxico e dos que máis riqueza crean no país. Ademais, a eliminación das burocracias que moitas veces lles impide exercer a súa ac-

tividade. Tamén o exceso de controis por parte da Xunta, isto non so palabras miñas, senón de persoas do sector, que se senten perseguidos politicamente, mesmo cando levan adiante o seu traballo. Porque se levo algo que non debo, últanme e ao mellor a sanción me arruina. Reparto máis xusto das cotas. Non as restrinxiría nin eliminaría pero si reparto máis xusto. É unha competencia estatal pero a Xunta debiera presionar, que o secretario xeral de Pesca lle dá a razón a organizacións de pescadores e armadores, algunha mesmo gañou nos tribunais un pleito á Xunta sobre reparto das cotas. Falta de investimento político en investigación mariña. Podería seguir con moitos máis temas.

-Non considera o aumento dos orzamentos para políticas sociais como síntoma dun sistema que non resolve determinadas situacións das persoas?

-Estamos falando do modelo precarizador do PP ten unhas consecuencias tan graves e profundas, que eles mesmos tentan agochar ou disfrazar, dar unha caste de esmola para dicir que se están preocupando da xente. É unha cuestión de modelo. As axudas son necesarias, pero este debiera ser un estado social e de dereito que se debiera repartir equitativamente e procurar que todas as persoas teñan traballo. Tamén buscar un modelo que non divida a sociedade entre cidadáns de primeira e de segunda. Pero que vexamos un goberno que ten que aumentar os orzamentos para axudas sociais debido a uns índices de exclusión gravísimos, é unha noticia nefasta e que non representa a realidade que vive moita xente.

Galicia

Redacción

Aberto ata o 23 de outubro o prazo das axudas para obras no exterior dos edificios da cidade histórica de Compostela

No marco do programa Ter é manter, o Consorcio de Santiago vai destinar 150.000 euros a axudas para obras no exterior dos edificios da cidade histórica. O prazo para presentarse a estas axudas remata o vindeiro 23 de outubro.

A subvención abrangue as fachadas exteriores ou patios interiores, cubertas, canlóns e baixantes, carpinterías e galerías de madeira, portas de entrada aos edificios e reixerías dos inmobles situados no ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica. No suposto de que sexa imprescindible a substitución da cubrición para mellorar o comportamento térmico do edificio, subvencionarase tamén o custo

desta substitución.

Ademais, con carácter especial, e co obxecto de fomentar a mellora das instalacións de pluviais da cidade histórica, subvencionarase o custo de substitución dos canlóns e baixantes de pluviais deteriorados, así como os gardacanos e a conexión da instalación á rede xeral. As axudas inclúen os custos adicionais e indispensables para a realización das obras como a colocación de estadas, así como os honorarios profesionais de redacción da documentación técnica e dirección da obra.

Beneficiarios das axudas

Poderán beneficiarse destas axudas tanto as persoas físicas ou xurídicas, como unha agrupación de persoas físicas ou xurí-

dicas; propietarias, inquilinas ou aquelas que teñan algún dereito de uso sobre os inmobles. Tamén poderán ser beneficiarias as comunidades de propietarios.

Os inmobles deberán presentar condicións suficientes de seguridade estrutural e de estanquidade fronte á choiva. Deberán ter unha antigüidade superior aos 10 anos e estar destinados a vivenda, como mínimo, os 2/3 da súa superficie útil, excluídas a planta baixa e as plantas soto.

Catalogación, interese arquitectónico e nivel de ocupación

Os interesados deben presentar as solicitudes no rexistro do Consorcio de Santiago ou en calquera outro rexistro. Dende o organismo salientan que as comunidades de propietarios



deben avanzar nos acordos de comunidade. Ademais, os prazos de concesión poden acurtarse se os solicitantes aportan o proxecto técnico xa redactado.

Na avaliación das solicitudes valorarase que se dispoña dun plan de mantemento para o edificio e primarase a incorporación de novos solicitantes. Tamén se terá en conta o nivel

de catalogación ou de interese arquitectónico do inmovible, xunto ao nivel de ocupación do mesmo. A contía da subvención será do 40% do orzamento máximo subvencionable. Para resolver calquera dúbida desta convocatoria, os interesados deberán poñerse en contacto ou acudir á Oficina Técnica do Consorcio de Santiago.

A Coruña pon en marcha o Consello Municipal da Memoria Democrática

O goberno local da Coruña impulsa a creación dun Consello Municipal da Memoria Democrática, un órgano consultivo e de participación vinculado ás políticas municipais para a recuperación da memoria persoal e familiar das vítimas da guerra civil e a ditadura e a atención e apoio á súa descendencia directa. O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, anunciou a súa inminente constitución durante a súa intervención na homenaxe á memoria dos homes que formaron parte do coñecido como Batallón Miliciano de Galicia, asasinados na Fonsagrada en 1937, un acto celebrado o pasado día 29 xunto ao faro de Oza, e organizado polo Concello en colaboración coa Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica (ARMH).

Como avanzou Ferreiro, o Consello nace coa finalidade de promover a reparación moral e a recuperación da memoria persoal e familiar daquelas persoas que padeceron persecución ou violencia por razóns políticas, ideolóxicas ou de crenza relixiosa durante a Guerra Civil e a ditadura, e para dar resposta ao establecido na Lei de Memoria Histórica e atender ás demandas das vítimas en termos de verdade, xustiza e reparación, "dentro do compromiso inalterable deste goberno local coa memoria". "Seguimos avanzando no traballo para a recuperación da memoria e a reparación e a restitución da dignidade ás vítimas, como a fixemos coa retirada do rueiro da

cidade de todo referente da represión franquista, o que supón a adecuación á Lei de Memoria Histórica pero tamén un acto de xustiza para coas vítimas da ditadura, para a súa descendencia e para a cidade", salientou alcalde, que avanzou a futura creación dunha Oficina Municipal de Atención ás Vítimas, en consonancia coa moción impulsada polo grupo de goberno e aprobada polo Pleno municipal o pasado mes de febreiro.

O Consello da Memoria Democrática estará aberto á participación, tanto dos grupos municipais, como de asociacións, entidades, investigadores e historiadores que traballen pola recuperación da memoria histórica. A proposta do goberno local inclúe, ademais da representación do propio goberno coruñés -a través do alcalde, como presidente, e o concelleiro de Culturas- e do resto de grupos municipais, a dous membros designados pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña e representación do Ateneo Republicano de Galicia, da Real Academia Galega, do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, ademais de dous membros designados pola Universidade da Coruña e dous profesionais da investigación ou historiadores de recoñecido prestixio designados polo alcalde, e tamén á directora do Arquivo Municipal.

Entre as funcións deste órgano estará a emisión de informes sobre aqueles proxectos ou programas relativos ás políticas mu-



O acto celebrado esta tarde no peirao de Oza pechouse co descubrimento dunha peza escultórica en homenaxe aos integrantes do Batallón Galicia

nicipais dirixidas á recuperación da memoria persoal e familiar das vítimas da guerra civil e a ditadura e á atención e apoio aos seus descendentes directos, especialmente no referente á oficina de atención ás vítimas, así como o asesoramento e a proposición de medidas que contribúan á recuperación da memoria, ao restablecemento dos dereitos dos descendentes das vítimas e á mellor comprensión social das causas e consecuencias da persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a ditadura. Do mesmo xeito, o Consello terá entre as súas competencias a de garantir a participación plural dos diferentes axentes sociais na formulación das políticas municipais de recuperación da memoria e apoio aos descendentes das vítimas, e a de impulsar a coordinación e cooperación con outras administracións públicas e en-

tidades privadas que traballen na consecución dos obxectivos de recuperación da memoria democrática, ademais de promover espazos de estudo e debate en relación coas materias da súa competencia.

O acto celebrado o día 29 de setembro no peirao de Oza pechouse co descubrimento dunha peza escultórica en homenaxe aos integrantes do Batallón Galicia realizada polo artista Jorge Pastor e que quedará instalada no porto de Oza, lugar no que a milicia partiu cara a Asturias o 5 de xaneiro de 1937, a bordo na lancha La Libertaria. Na homenaxe participaron, xunto co alcalde e representantes da ARMH, a familia de José Moreno Torres, comandante do Batallón Galicia, e representantes de entidades veciñais, sindicais e sociais da cidade- rendeuse homenaxe aos integrantes do Batallón Galicia.

Un millón de euros para infraestruturas, dotacións públicas e servizos sociais en Sober

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, xunto ao alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, informou sobre o investimento de 1.066.000 euros, que o executivo provincial achegou nun ano a este municipio para o impulso de dotacións públicas e infraestruturas, así como a xeración de emprego e a mellora dos servizos sociais dos máis de 2.300 veciños deste municipio. Campos Conde explicou que con este investimento acondicionáronse unha estrada provincial e múltiples vías en núcleos rurais, melloráronse traídas e depósitos de auga, prestóuselle atención profesional a máis dunha cincuentena de maiores e xeráronse preto dunha véntena de novos empregos.

Para melloras en infraestruturas, a Deputación levou nun ano a Sober 430.000 euros. Campos Conde e Fernández Guitián supervisaron o inicio dos traballos, con 332.000 euros da Deputación, para mellorar a estrada LU-P-5903, de Sober a Doade, nun treito de 2,5 quilómetros. As obras, que estarán rematas nas vindeiras semanas, permitirán ampliar a estrada dos 4 aos 5,5 metros con aglomerado en quente e mellorar, deste xeito, unha das vías de comunicación máis transitadas da Ribeira Sacra, especialmente, nas fins de semana.

Campos Conde destacou que "esta é unha obra moi esperada, que supón un grande beneficio para os 2.300 habitantes do Con-

cello de Sober e tamén para os centos de turistas que visitan a zona da Ribeira Sacra, xa que esta estrada conduce aos principais miradoiros do Canón do Sil e ás adegas". As actuacións consistirán no ensanche da estrada, que pasa dos 4 aos 5,5 metros, pavimentación, traballos de aglomerado en quente e limpeza de cunetas. O organismo provincial xa efectuara anteriormente tarefas de mantemento e de aglomerado en quente nesta vía, pero sen ensanche.

Ademais, a Deputación mellorou con 58.000 euros os accesos aos núcleos de Bidual, Pinol de Abaixo, Somoza, Paradela, A Lama, Mourentan, San Martiño, ás viñas de Lobeiras, de Barantes de Riba a Barantes de Abaixo, beneficiando directamente aos máis de 100 veciños que viven nestes zonas do municipio soberino. Nas vindeiras semanas, con outros 40.000 euros comezarán os traballos de mellora de accesos a viñedos na zona da Ribeira do Sil.

Depósitos de auga

A deputación achegou nun ano 250.000 euros para mellorar a rede de saneamento de auga de varios núcleos poboacionais do Concello de Sober. En concreto, realizáronse traballos de saneamento en Millán, beneficiando aos preto de 50 veciños que viven nesta parroquia. O presidente avanzou que nos vindeiros meses comezarán os traballos de dotación dunha nova depuradora de augas residuais en Doade e Francos; melloráranse os sanea-



O presidente da Deputación co alcalde e concelleiros de Sober.

mentos e a depuradora de Vilaudriz; e acondicionárase a rede de abastecemento de auga de Naz, Naz de Abaixo, Lamos dos Campos e Millán. O conxunto destas actuacións, contan cun investimento de 214.000 euros, cos que se beneficiarán directamente aos máis de 170 veciños que viven nestas zonas.

Dotacións públicas

Campos Conde informou que estas melloras non foron as únicas no Concello de Sober, pois o executivo provincial investiu outros 173.000 euros en novas dotacións públicas municipais. Situáronse 85 luminarias de tipo LED na Parroquia de Gundivós, co que o consistorio aforrará anualmente máis de 6.000 euros; adaptouse un local municipal en albergue para que o vindeiro ano preste este servizo aos turistas; reparáronse as humidades e

dotouse dunha nova aula de tecnoloxía e informática ao Centro Sociocultural; ou sinalizáronse varios núcleos rurais do Concello, entre outras moitas actuacións.

17 novos empregos

Campos Conde avanzou que a Deputación investiu nun ano no Concello de Sober 134.000 euros, cos que xerou un total de 17 postos de traballo, 9 no 2016 e 8 este ano. Estes novos empregos creáronse a través do DepuEmprego e o Ben Empregado, cos que a Deputación asume os custos laborais de novos profesionais, que traballan en empresas da zona e no propio Concello, reforzando os servizos públicos municipais. Por exemplo, a través do DepuEmprego contratáronse a 1 monitor deportivo, 1 informático, 1 viticultor ou 1 técnico de turismo, entre outros.

Atención a maiores

Nun ano foron destinados 58.000 euros á xeración de 123 prazas de Servizo a domicilio para non dependentes e teleasistencia gratuíta porque a Xunta non ofrece estas prestacións. Actualmente, este investimento permite a contratación de asistentes sociais, que prestan máis de 4.400 horas de atención a 59 maiores de Sober á espera de novas altas este ano.

Dinamización turística

A Deputación achegou 12.000 euros ao Concello de Sober para a realización de actividades lúdico-culturais e deportivas durante todo o ano, así como a celebración de eventos turísticos e gastronómicos. Este orzamento, permitiu organizar, por exemplo, a Feira do Viño de Amandi, o Festival Santa Cecilia, ou actividades deportivas na vila, entre outras moitas.

O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra contra o feísmo

Na sesión plenaria celebrada polo Consorcio de Turismo Ribeira Sacra na sede do Consello Regulador da denominación de orixe, someteuse a aprobación un novo convenio que se asina agora coa Axencia Turismo de Galicia. Na sesión plenaria do 9 de marzo de 2017 tomárase acordo unánime para a presentación da candidatura aos Premios Galicia Parabéns coa idea alí exposta e foi presentada en sede electrónica da Xunta de Galicia con data 22 de marzo de 2017. Partindo da ampliación do proxecto "Un

toque de cor na Ribeira Sacra" a idea xeral era traballar no embelecemento baseado en murais (versión contemporánea), nos esgrafiados (versión tradicional) e na confluencia entre ambos conceptos. Entrás as actuacións propostas, estaban: estudo e publicación dixital sobre os esgrafiados da Ribeira Sacra nas súas diferentes tipoloxías. Crese que a Ribeira Sacra conta coa maior concentración destas obras en Galicia. Consiste en encintar as fachadas de cachotería ou porpiaño con motivos ornamentais ou o revocar de xeito artístico as



Preténdese encintar as fachadas de cachotería ou porpiaño con motivos ornamentais.



faciana coa cal como material principal.

Realización de novos murais de gran tamaño. Ademais dunha maioritaria participación de artistas galegos, "buscaríamos a participación de pintores de ámbito internacional para aproveitar o seu poder de comunicación e seguimento. A idea sería

convidalos a vir, organizar xornadas de convivencia cos muralistas locais que farían de anfitrións e lle ensinarían os recunchos da Ribeira Sacra que lle sirvan de inspiración para rematar a súa estadia coa realización dunha obra pictórica", sostén Alejandra Seara, xerente do organismo.

Galicia

Redacción LUGO

A alcaldesa de Mondoñedo aposta por un rural escenario de oportunidades

Alcaldesa de Mondoñedo e presidenta provincial do Partido Popular, Elena Candia, incidiu en Zaragoza sobre “a necesidade de realizar unha aposta decidida e comprometida para conseguir que o rural sexa un verdadeiro escenario de oportunidades no que a xente desenvolva os seus proxectos de vida e laborais”. Centrou a súa intervención, durante a mesa que versaba sobre o reto demográfico e as entidades locais, celebrada no marco da Unión Intermunicipal Popular, no “traballo intenso que deben realizar as administracións públicas para dotar de servizos aos núcleos de poboación rurais”.

Neste eido, a popular fixo referencia ás iniciativas promovidas en Mondoñedo tanto no eido social como de conciliación da vida familiar e laboral. Dun xeito preciso explicou que “en Mondoñedo temos en funcionamento diversas actividades da ludoteca municipal que permiten a conciliación familiar, puxemos en marcha un Centro de Día e duplicamos a inversión na Axuda no Fogar



Elena Candia, segunda pola esquerda.

no último ano, entre outras cousas”. Ademais, engadiu que, nos últimos anos, desde o Grupo Popular na Deputación de Lugo “estamos a ser a chave que permitirá desbloquear a parálise na que se encontran as residencias da terceira idade dende fai tempo, a consecuencia da deficiente xestión do Partido Socialista”, sinalou.

Pacto político

Elena Candia reivindicou tamén “un gran pacto político, no que o municipalismo ten

que estar presente” para frear o declive demográfico que acusa Galicia e, máis concretamente, provincias como a de Lugo. “Debemos de pensar nunha estratexia conxunta que aborde tres aspectos como mínimo: a atención aos maiores e actuacións de respaldo á infancia e á xuventude; o fomento da natalidade e promover a conciliar a vida familiar e laboral; e traballar no ámbito europeo para que as actuacións teñan en conta as características de Galicia”.

Festa do Carmen en Sober

Sober celebrou as festas do Carmen en setembro. Nos anos 80 houbo unha división entre os veciños que querían celebralas no mes de xullo e os que apostaban por setembro. As distintas comisións situáronas en setembro.

Este ano os organizadores foron José Quevedo, Luís Fernández Guitián e Adrián Vilas. Na programación gastáronse 22.000 euros, que reuniron pedindo aos veciños de Sober, co que recadan das barracas e coa achega do Concello.

“Estamos contentos coa resposta dos veciños, que achegan uns 14.000 euros. O Concello axuda con 6.000, e o resto recadámolo nas barracas,



Actuación de Azúcar Moreno.

que este ano foron máis que en edicións anteriores”, dixo Fernández Guitián.

Actuou Azúcar Moreno, Panamá Band e Israel así como o grupo local O Parentes agrupación que actúa en moitas das festas das parroquias da co-

marca. Celebráronse diversos actos relixiosos coa procesión acompañada da Banda de Música de Sober e a misa maior cantada polo Coro Berea da Escola Municipal de Música. Houbo teatro infantil e degustación de paella xigante.

O PP de Monforte sostén que “traballamos para mellorar a sanidade”

Avoceira do grupo municipal do Partido Popular de Monforte e deputada autonómica, Julia Rodríguez, puxo en evidencia as diferenzas existentes entre o proceder do Partido Popular, “que traballa pola mellora da sanidade pública na área do hospital comarcal de Monforte”, e o da Plataforma, dos partidos de esquerda e do alcalde que o “único que fan é torpedear a mellora da nosa sanidade”. Julia Rodríguez precisou que “mentres uns optan por poñerse ao carón dos paróns e dos bloqueos que só prexudican ao sistema sanitario e aos pacientes, en particular, nós centrámonos en traballar para mellorar a sanidade, consolidar o papel do hospital e ofrecer, polo tanto, un mellor servizo aos nosos veciños e veciñas; ao igual que o levamos facendo ao longo destes anos”.

Neste eido, a voceira dos populares locais matizou de novo que o grupo municipal do PP de Monforte sempre estará en contra de “paróns, bloqueos, encerrros e outros actos que implican prexuízos para o servizo sanitario e para os pacientes”. Dun xeito máis preciso a popular afirmou que “si o que pretenden é que a corporación avale as súas mentiras, paróns e bloqueos dos servizos sanitarios; dende o Partido Popular non o apoiaremos en ningún caso”. Para Julia Rodríguez “non están a facer ningunha proposta en positivo, todo o que fan é bloquear a mellora da sanidade e mentir e enganar aos cidadáns”.

Hospital comarcal

Julia Rodríguez lembra que no ano 2011 algúns grupos políticos, sindicatos e a plataforma sanitaria dicían que o hospital ía pechar

e logo se demostrou que mentían, xa que o hospital creceu en máis persoal, máis servizos e mellores instalacións. “Agora, coa nova Lei de Saúde só pretendemos afondar nestas melloras, consolidando o papel do hospital como de referencia na comarca de Lemos, sen perder autonomía, nin capacidade de decisión e buscando mellores servizos para os pacientes e para o conxunto do persoal sanitario”, precisa Julia Rodríguez, quen insistiu, ademais, en que as modificacións que recolle a nova normativa non supoñen cambio algún para os cidadáns, posto que non haberá modificacións nin de médico nin de hospital.

A popular lembra que compartir unha mesma área sanitaria na provincia facilitou e fixo posible que os facultativos do hospital HULA se desprazasen ao hospital de Monforte de Lemos para dar novos apoios aos enfermos desta comarca, contabilizándose entre 2012 e 2016 ata máis de 10.000 actos médicos. Co modelo que defendía a plataforma e a esquerda “isto non sería posible e agora de novo pretenden bloquear as melloras no sistema sanitario e, non só de cara ao futuro paralizándoo a lei, senón tamén xa neste mesmo momento cos paróns rotatorios que defenden”, asegura. Polo tanto, coa creación de novos servizos, como por exemplo o de hospitalización a domicilio e a sala de quimioterapia e con investimentos en obras, tecnoloxías e aparatos médicos por máis dun millón de euros, “é innegable que a calidade e a asistencia da sanidade pública en Lemos ten avanzado de xeito significativo nos últimos anos”.



Hospital comarcal de Monforte.

Xornada de campo do proxecto Regenera Limia

O Inorde ven de organizar no seu Centro de Desenvolvemento Agro-gandeiro de Xinzo de Limia a “Xornada do Campo” dentro do Proxecto Life Regenera Limia. O obxectivo céntrase por un lado en dar a coñecer os avances que neste proxecto se teñen realizado, máis concretamente facendo fincapé nos traballos que desenvolve o Inorde. Así se deu conta da posta en marcha operativa do sistema integrado de control de fertilizantes e abonos, así como do funcionamento da aplicación xeoreferenciada vía web.

A Xornada de Campo serviu para dar de coñecer ao sector os traballos que o Inorde realiza a nivel de experimentación e investigación agrícola. Así nas cerca de seis hectáreas destinadas a ensaios de cultivo de patata sitas na finca Antela, amosóuselle aos agricultores experiencias relacionadas co emprego de abonos comerciais, manexo do nitróxeno como factor de crecemento en variedades destinadas a frito industrial tales como Agria, Fontane, Babylo, Rock e Lady amarela. Outro importante bloque de ensaios estivo centrado no manexo da variedade máis representativas de Galicia tal e



O xerente do Inorde, José Manuel Rodríguez, na xornada de campo en Xinzo.

como é a Kennebec. Nestes ensaios avalíase a resposta de cultivar a diversos xeitos de cultivo alternando abonados orgánicos con minerais e novas filosofías de traballos tales como o emprego de micorrizas.

A experiencia que máis interés despertou nos participantes foi o ensaio de variedades comerciais de patata; nel recólleronse máis de oitenta cultivares de nova introducción no mercado, entre elas novas variedades para a industria do frito, variedades de carne branco para o consumo en fresco, variedades con vocación de lavado e variedades de pel e carne morada e violeta de nova introducción nos mercados. Estes ensaios complementáronse cun reservorio nos que se

conservan as tres variedades autóctonas galegas máis coñecidas: fina de carballo, cazona e ganade.

Con asistencia de preto de cen agricultores da comarca ademais de técnicos das casas comerciais de fitosanitarios, de abonos e produtores de patata de semente o Inorde consolida a parte práctica das xornadas realizadas previamente: da Auga e de Abonos e Fertilizantes. Con esta acción de sensibilización, xunto coa de optimización do uso de abonos e fertilizantes, complementada ésta coa aplicación informática e a monitorización de resultados, o Inorde ten executado máis do 80% dos seus compromisos e actividades no proxecto.

O Inorde participou no Piamonte na mesa de seguimento do proxecto europeo CRinMA

A rexión italiana do Piamonte, acolleu unha visita estudo dos socios do Proxecto Europeo CRinMA co fin de profundar nos obxectivos que se enmarcan no proxecto. O xerente do Inorde, José Manuel Rodríguez González, e a técnica de Fondos Europeo, Rocío Gómez, acompañados de Juan Emilio Aparicio, xerente do GDR12, en representación dos Stakeholders, participaron nesta segunda reunión. Tamén asistiron os demais socios: a rexión Podkarpackie (Polonia),

a Axencia de Desenvolvemento Rexional de Presov (Eslovaquia), o municipio de Montalegre (Portugal), a Asociación Europea de Representantes das Rexións de Montaña (Francia), a Unión de Municipios de Montaña de Piedmont-uncem Piedmont (Italia) e a rexión de Malopolska (Polonia).

Durante dous días analizáronse os recursos que ofrecen os municipios de montaña da Uncem Piedmont, así como a posta en común dos avances e o estado do proxecto. Do mesmo xeito esta-

bleouse que a próxima reunión dos membros do CRinMA celébrase a principios de 2018 en Ourense e Montalegre.

O Proxecto CRinMA cofinanciado polo Programa Interreg Europa, ten como obxectivo xeral mellorar as políticas rexionais relacionadas coa protección e promoción do patrimonio cultural nas zonas de montaña, o cal implica a mellora dos Programas Transfronteirizos e dos Programas Operativos Rexionais, ademais dun pensamento máis complexo

Socialistas de Xinzo impulsan iniciativa para fomentar o empadramento

Os socialistas de Xinzo de Limia queren recuperar os dez mil habitantes para fomentar o crecemento económico da vila e para evitar a perda de fondos públicos. Reclaman ó goberno local unha batería de medidas para aumentar o empadramento e frear o despoboamento que sofre o municipio durante o último lustro. Os socialistas reclaman a creación dun cartón cidadán único para empadroados en Xinzo que permita o pago do 50% nalgunha das taxas para o acceso ós servizos como a escola de gaitas, escola de danza, escolas deportivas, pavillón municipal, aulas da casa da cultura ou para cursos e talleres, entre outros servizos municipais. Así mesmo, a moción socialista propón unha revisión de impostos e taxas nos que sexa susceptible aplicar unha porcentaxe de bonificación para persoas empadroadas no municipio.

A portavoz municipal do PSdeG-PSOE, Elvira Lama, recorda que é “transcendental” impulsar o empadramento en Xinzo porque supón “un seguro para o futuro da vila, xa que permitirá dinamizar a economía

local e tamén permitirá manter os importantes ingresos públicos provintes das arcas do Estado que o concello percibe anualmente por ter máis de 10.000 habitantes”. “Ises cartos que perderemos se non incrementamos a poboación poden servir para mellorar os servizos que o Concello presta ós veciños e veciñas e tamén para o aumento de inversións ou a mellora da seguridade cidadá”, recorda a edil socialista ó mesmo tempo que advirte do previsible recorte nos servizos públicos municipais a causa deste “tropezón demográfico”




Gráfico poboacional dos últimos nove anos en Xinzo.

se “o grupo de goberno local segue de brazos cruzados e a mirar cara outro lado”. “O PP debe deixar de lado a súa habitual preguiza para actuar de inmediato, implantando beneficios fiscais pero tamén impulsando campañas de concienciación entre a poboación”, asegura Lama.



Representes do Inorde no Piamonte.

sobre o papel do patrimonio cultural nas áreas de montaña, que

se traducirá en melloras políticas e programas no futuro.

Galicia

Redacción OURENSE

Trens turísticos en Galicia

O tren turístico fretado este verán por Renfe e Turismo de Galicia que tivo máis éxito foi o de Ribeira Sacra. Este itinerario e o da costa norte de Galicia foron os únicos dos oito existentes que vendeu todos os billetes dispoñibles. No caso de Ribeira Sacra, os turistas tiveron este verán a opción de elixir dúas rutas. Unha combinaba paradas na Ribeira Sacra con outras en Valdeorras. A outra se detiña en exclusiva no territorio da Ribeira Sacra. Esta última é a que tivo máis demanda. A súa ocupación foi do 100%, mentres que a de Ribeira Sacra-Valdeorras superou o 80%.

Segundo os datos facilitados pola Xunta, en xeral a porcentaxe de ocupación de todos os trens foi alto. Desde o mes de xuño, preto de 2.000 viaxeiros subíronse nas 45 saídas



Xa está en marcha unha nova campaña de viaxes en tren.

que fixeron estes trens desde o mes de xuño. A ocupación media destas oito liñas foi do 87%, unha cifra que os responsables de Turismo de Galicia valoran moi positivamente. Un pouco por baixo destes itinerarios pola Ribeira Sacra e polos Faros da costa norte, a denominada ruta dos pazos

vendeu un 92% das prazas dispoñibles, mentres que as da lamprea e a do Ribeiro-Rías Baixas superaron o 80%, igual que a que combinaba Ribeira Sacra e Valdeorras. Por baixo da media, con preto dun 70% de ocupación, estiveron os denominados trens do viño das Rías Baixas e de Monterrei.

Remataron as viaxes en globo pola Ribeira Sacra

As saídas en globo sobre a Ribeira Sacra despedíronse en setembro cunha viaxe de prazas ao completo. Nos percorridos aéreos deste verán participaron 244 viaxeiros. De todas as saídas programadas, só foi preciso suspender dous: porque facía demasiado vento e debido á choiva. O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra confía en que a empresa que xestiona os globos para estes percorridos volva ofrecelos o próximo mes de marzo. Todos os billetes postos á venda este ano foron vendidos en cuestión de días e de feito o Consorcio xa ten reservas para os do ano que vén. Alejandra



Xa hai reservas para viaxar en globo en marzo.

Seara, xerente do Consorcio de Turismo, asegura que a alta demanda destas viaxes

foi sorprendente, mesmo para as súas optimistas previsións iniciais.

Día da Bici en Ourense

Celebrouse en Ourense a 33ª edición do "Día da Bici + Deporte La Región" cunha proba de dez quilómetros de fácil percorrido para que os nenos puidesen gozar da cidade, segundo a or-

ganización. Participaron nesta xornada lúdico-deportiva mais de sete mil usuarios de bicicleta. A primeira vez que se celebrou este día foi o 10 de xaneiro de 1983 organizado polo Club Ciclista Ourenseño.



Participaron ciclistas de diferentes idades.

Exhibición de fútbolín

Guille Somoza Pazos, campión galego e de España de fútbolín ofreceu unha exhibición no bar Greco de Ourense. Pazos é campión de España por equipos e por provincias. Conta con varios mäs- ters acadados en Santander, Se-

villa, Asturias, Palencia, Cantabria, Vilalba, Lalín...Gañou a copa do Rey en Andalucía. O xugador está patrocinado pola Competición Nacional de Fútbolín (CNF). En Ourense, durante tres horas, ofreceu un gran espectáculo ante os aficionados.



Guille Somoza Pazos no bar Greco.

www.novasdoeixoatlantico.com

Fomento impulsa unha nova reforma da estación de Ourense

Vigo e A Coruña non terán alta velocidade en 2019

“O carrusel de despropósitos do PP co AVE a Galicia acaba un novo grao ó descubrir a documentación técnica do “proxecto para a remodelación das vías e andéns da estación de Ourense”. A nova estación de Ourense será unha “reforma cutre” da actual terminal”, sostén o PSdeG.

O PSdeG-PSOE considera un escándalo maiúsculo que a nova estación vaia incumprir a sabendas a lei en materia de accesibilidade, limitando o seu uso, en particular ás persoas con problemas de mobilidade e, en xeral, a toda a poboación. Os recortes

abrasadores do PP tumbaron o proxecto inicial de Norman Foster para vender un proxecto que a documentación de Adif describe como unha simple reforma da estación baseada na unión dos andéns, na reforma das marquesiñas e que incluso mantén as limitadas escaleiras e o paso inferior existentes. A reforma é tan cutre que os propios técnicos explican que escollen solucións menores por ser “as máis económicas”.

Tal e como detallaron os socialistas, esta documentación tamén confirma que en 2019 os trens AVE non poderán pasar de Ourense, xa que as vías de ancho estándar

(ancho UIC) rematan nunha topera e un muro. Por isto, nin A Coruña nin Vigo, as principais cidades galegas, terán servizos AVE en 2019. Os técnicos explican que os trens AVE “puros” quedarán nas toperas de Ourense, onde haberá que transbordar a trens que si poden circular polas vías de ancho convencional que chegan a Vigo, A Coruña e Santiago.

O PSdeG-PSOE reclama o PP que se deixe de aplicar pola calada recortes e rebaixas de todo tipo ó proxecto do AVE galego e as reformas das estacións de tren de Vigo, Santiago, A Coruña e Ourense, e se poña a traballar para que Galicia teña un futuro servizo de alta velocidade en igualdade de condicións que o resto de co-



Proxecto de remodelación de vías e andéns da estación de tren de Ourense.

munidades autónomas de España onde os trens AVE chegan ás principais cidades dos seus territorios. “É ultraxante que a estación de Ourense, o principal nó ferroviario galego, vaia quedar nunha reforma cutre dos andéns e marquesiñas. É incomprensible que os trens AVE, no ano 2019, non

vaian chegar ás principais cidades do Eixo Atlántico equeden aparcados na estación ourensá” di o PSdeG. “É intolerable que os recortes do PP para aforrar cartos incluso incumpran a lexislación de accesibilidade de 2007”, remata decindo o Partido Socialista nun comunicado de prensa.

Foz do Iguaçu organiza Termatalia 2018

Rematou en Expourense Termatalia 2017 presentando a próxima edición que terá lugar en Foz do Iguaçu, Brasil, entre o 19 e o 21 setembro de 2018, baixo a lema “A enerxía das augas”. Na xornada de clausura realizouse o acto de entrega da sede á delegación brasileira, presidida polo ministro de Saúde do país americano, acompañado pola vicegobernadora do Estado de Paraná, Cida Borghetti, polo presidente de Itaipú Binacional, Luís Fernando Viana, e o secretario de turismo de Foz de Iguaçu, Gilmar Piolla.

Durante o acto quedou patente o interese e o entusiasmo co que Foz do Iguaçu recibe a sede. “Para nós é unha conquista que permitirá colocar ao Estado de Paraná, en particular, e a Bra-

sil, en xeral, no mapa mundial do turismo termal”, explicou a vicegobernadora, ademais de destacar que a organización de Termatalia 2018 conta co compromiso dos principais axentes do sector do Estado, tanto públicos como privados.

Premios

O acto da entrega da testemuña foi o principal da xornada de clausura da edición 2017, repleta de actividades, entre as que destacou a XV Cata Internacional de Augas, dirixida pola hidrosu-miller Mercedes González. Contou cun xurado internacional, formado por profesionais de España, Portugal, Francia e Costa Rica. Os gañadores, na categoría mineral natural débil, foron: Augas de Cabreiroá (Galicia), co primeiro premio; Carvalhelhos (Portugal),

segundo premio; Auga do Gravat (Brasil), terceiro premio. Na categoría mineral natural moi débil impuxéronse Auga Sa (Galicia), co primeiro premio; e Augas do Paraño (Galicia), segundo premio. Na categoría “con gas natural”, o primeiro premio foi para Campilho (Portugal), o segundo para Magma Orixinal (Galicia) e o terceiro para Pedras Salgadas (Portugal). Na categoría de auga con gas engadido, o primeiro premio foi para Magma con gas engadido (Galicia), o segundo para Augas de Sousas (Galicia) e o terceiro para Fontenova (Galicia). Auga de Vidago (Portugal) foi distinguida co Premio especial ao envase innovador e Fontecabras (Aragón) co Premio Especial Responsabilidade Social Corporativa.

Foron entregados os premios da 1ª Competición de Proxectos Audiovisuais de turismo de saúde organizada por Termatalia, en colaboración co Festival Internacional de Cinema ART & TUR, ao que se presentaron 28 películas de 12 países. O premio especial do xurado foi para “San Miguel de Allende, no corazón de México”; mellor película de tratamentos en turismo de saúde, para “Gran Canaria Wellness and Health”; mellor película de servizos “Termas de Río Fondo, a cidade Spa”; me-



Ricardo Barros, ministro de Sanidade de Brasil, recolleu o testigo de Termatalia.

llor promoción de destino, para “Campaña Dáme Galicia 2017” da Axencia Galega de Turismo, e mellor película sobre turismo de saúde, para “Costa Rica, a miña elección natural”.

Sinatura

Tamén se procedeu á firma dun memorando de entendemento entre o Ministerio de Turismo do Salvador e Termatalia, que ten o obxectivo de desenvol-

ver “o potencial en turismo de saúde deste país, xa que temos o recurso, pero fáltanos o coñecemento e a tecnoloxía e Termatalia é o lugar idóneo para conseguilos”, explicou o ministro do Salvador, José Napoleón Duarte. En Termatalia 2017 estiveron presentes 260 expositores de 40 países o que reflicta o bo momento polo que atravesas o turismo de saúde no mundo.



José Carlos Rojas, secretario de Turismo do Goberno do Estado de Coahuila representando a México como país convidado 2017.



José Napoleón Duarte, ministro de Turismo do Salvador, asina o memorándum.

Galicia

Redacción OURENSE

A Deputación gasta miles de euros en toallas e nega axudas ós afectados pola seca

A Deputación de Ourense gastou 10.454 euros en 1.800 toallas co logotipo da 'ourensanía' que está a entregar discrecionalmente e de balde nas instalacións do pazo dos deportes Paco Paz. "As toallas pagadas cos cartos dos ourensáns foron encargadas, segundo a documentación do expediente, porque "son imprescindibles para preservar as máquinas e equipos" da zona de fitness e, casualmente, o empresario agraciado foi o mesmo ó que xa lle aboaron miles de euros polas pulseiras e pins da 'ourensanía' que a Deputación tamén reparte a quen lle ven en gana", dí o PSdeG-PSOE. "Todo este dispendio estase a producir mentres o Paco Paz encadea, ano tras ano, perdas millonarias. De feito, en 2016 as perdas do espazo polideportivo de titularidade provincial acadaron 1,2 millóns de euros" sinala o PSdeG nun comunicado.

"Entre toallas, pulseiras, pins e outros materiais publicitarios, Baltar xa leva gastados durante os últimos 18 meses, como mínimo, 42.000 euros públicos en materiais de propaganda que non repercuten en nada na economía provincial salvo nas contas dunha empresa – a que sempre se lle encargan estes gastos– mentres o Goberno provin-



As toallas que se reparten no polideportivo Paco Paz.

cial incumpre a regra de gasto do orzamento ou queda de brazos cruzados ante a seca que está a arrasar a economía do agro" explica o PSdeG. "Durante 2016 este empresario recibiu 63.000 euros públicos da Deputación perfectamente repartidos en 26 pagos diferentes durante todo o ano", matiza o partido político con representación na Corporación provincial.

Dispendio

O portavoz provincial do PSdeG-PSOE, Francisco Fraga, califica de "dispendio propagandístico absolutamente innecesario este reparto de toallas porque en calquera centro deportivo as toallas para secar o suor lévanas os usuarios da súa casa e non llas regala o ximnasio". "A obsesión de Baltar coa 'ourensanía' parecen delirios e comeza a ser problemática xa que, o mesmo mes que aprobou regalar toallas

coa súa marca persoal, decidiu non investir nada en axudas para a seca que está a arrasar o agro ourensán, deixando o gando sen auga, impedindo os regadíos ou obrigando ós concellos a empregar camións cisterna para abastecer a veciñanza", explica Fraga.

"As toallas son a gota que está a punto de colmar o vaso dos delirios de Baltar", asevera o portavoz socialista, ó mesmo tempo que advirte que van a estar "vixiantes" ante a inxente cantidade de cartos que está a recibir esta empresa, sempre con contratos menores que escapan de practicamente todos os controis públicos de transparencia. "A ourensanía de posturo é palmaria e vergonzosa cando prefire gastar miles de euros en toallas e pulseiras antes que en axudas ós veciños afectados pola seca", conclúe Fraga.

Plan de Ordenación Municipal da Teixeira

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da por concluído o trámite ambiental do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Teixeira, que lle permitirá ao concello ourensán avanzar na tramitación da súa planificación urbanística. O Goberno local poderá someter o documento á aprobación provisional polo pleno da Corporación e, finalmente, remitilo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a súa aprobación definitiva.

Deste xeito, e tal e como indica o informe ambiental do plan, para favorecer a axeitada integración dos aspectos ambientais na planificación urbanística do municipio, a Consellería de Medio Ambiente considera necesario revisar a delimitación dos núcleos rurais de Boazo-Nogueira, Nogueira e Sistín co obxectivo de evitar incluír terreos con valor produtivo (cultivos de vide) ou especialmente sensibles por riscos de inundación.

Con respecto á área industrial proposta (SURB-I), o departamento autonómico sinala na memoria ambiental a importancia de que o futuro plan parcial conserve a máxima naturalidade e protección ambiental das zonas sensibles por

riscos de inundación e incorpore un estudo de impacto e integración paisaxística. Tamén insiste na necesidade de contar con redes de evacuación de augas residuais que conduzan a elementos ou instalacións de depuración co fin de garantir que os efluentes cumpran os límites ambientais establecidos legalmente. En relación aos hábitats de interese comunitario, valorase completar a normativa para protexer a totalidade do espazo de especial valor natural, tendo en conta as indicacións da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Por último, e co obxectivo de garantir a conectividade ecolóxica do territorio a normativa deberá integrar disposicións referidas a, por unha banda, aos peches e valados en solo rústico, pois deben evitar o incremento da fragmentación e impermeabilidade dos hábitats e o illamento das especies; e, por outra banda, aos depósitos de auga non destinados ao consumo humano, que deben procurar a eliminación de paredes verticais en todo o seu perímetro. Así, coa incorporación destas indicacións, o documento de ordenación municipal poderá ser sometido a aprobación provisional por parte do pleno da corporación.



A Xunta ten concedido ao Concello da Teixeira axudas por valor de 85.000 euros.

O PSdeG abandona o pleno de Ramirás

O PSdeG-PSOE de Ramirás "farto de aturar a deriva antidemocrática que se vén padecendo no Concello, toma a decisión de abandonar o pleno e négase a aprobar a acta anterior ao ver silenciada a súa voz". Os socialistas tomaron esta determinación despois de comprobar como a secretaria municipal "reincidiu na súa teima" de silenciar a exposición da portavoz do PSOE durante o debate político do anterior pleno. "A pesares de que a funcionaria deberá ser fedataria de todo o que acontece na sesión plenaria, segue as directrices do alcalde e non recolle a exposición do grupo socialista á hora de motivar o voto. Xa hai bastante tempo que o rexedor, amosando unha actitude claramente ditatorial, acos-



Polémica sesión plenaria no Concello de Ramirás.

tuma a retirarlle a palabra a Isabel Gil, portavoz do PSOE, amparándose na súa condición de presidente do pleno para silenciar á oposición".

A voceira socialista indica que: "É inadmisíbel que non se nos deixe falar nos plenos dun

xeito arbitrario e discrecional por parte do alcalde, impedindo o exercicio dos nosos dereitos como representantes públicos. Pero resulta máis grave, aínda, que nas actas se nos pretenda silenciar por parte da secretaria municipal". Esta situación vénse

repetindo dende hai tempo, acontecendo mesmo que non se chegara a aprobar unha acta plenaria. "Responsabilizamos de toda esta eiva democrática ao alcalde quen amosa continuamente un comportamento irrespectuoso e ditatorial e a quen lle deu a Alcaldía e pese a todo o aconte-

cido, ségueno mantendo na mesma", conclúe Isabel Gil. Os socialistas coidan que o pacto de goberno entre o PP e o BNG está acadar cotas do que se podería denominar conchabeo, posto que é intolerable que o nacionalista observe esta situación e permaneza impasible.

O PP volve a modificar a ordenanza do IBI no Concello de Ourense

O voceiro de Ourense en Común denunciou en rolda de prensa que as emendas que o seu grupo presentara hai un ano á ordenanza do IBI, que “xa foran informadas polos servizos técnicos, aceptadas polo equipo de goberno, e incorporadas á nova ordenanza” a finais de xullo, “desapareceron” no documento máis recente, Acusa ao Partido Popular no goberno de “vulnerar os acordos acadados tras seis meses de traballo da comisión sobre a reforma fiscal”.

Con esto, o goberno prescinde de acordos que xa asumira e inserira na ordenanza, e o PP “rexeita” bonificar o imposto en vivendas de protección oficial, fomentar actividades económicas de interese ou o uso de enerxías renovables, e “dalles o mesmo a familia de Amancio Ortega que as familias que teñen problemas para chegar a fin de mes”.

Despois de ter retirado as emendas que xa asumiran, Martiño X. Vázquez cuestiona “por qué o Partido Popular quere agora que se presenten de novo alegacións á ordenanza? se xa estaban presentadas, aceptadas e incorporadas”, e analiza que “o goberno sabe do suicidio pactado con Democracia Ourensana,



Martiño X. Vázquez na rolda de prensa.

saben que unha rebaixa de 6,5 millóns de euros na contabilidade municipal vai deixar anquilada a capacidade inversora do Concello, e necesitan bloquealo”. O voceiro asegura que Jesús Vázquez “está buscando un “tonto útil” que presente emendas para bloquear a ordenanza e ter de novo a excusa para responsabilizar á oposición”, e aclara que “Ourense en Común non será ese tonto útil, non imos entrar no seu xogo trillero nin solucionar os problemas

do pacto de PP e DO”.

Martiño X. Vázquez, cuestionaba tamén a credibilidade da edil responsable de Facenda, Ana Morenza, que mentiu no pleno de setembro cando dixo “que os acordos da comisión da reforma fiscal mantíñanse vixentes”, e acusa á edil de “facer habitualmente bandeira da súa incoherencia”, en referencia ás declaracións nas que avaliaba a rebaixa do 20% como inviable, para pactala quince días despois con Democracia Ourensana.

O envío de cartas do Concello está paralizado

Ourense en Común denuncia o estado de parálise que viven diferentes áreas do Concello, pola “total inepticia e falta de previsión” do goberno, que deixou caducar o contrato coa empresa responsable do servizo postal e envío de notificacións municipais.

O contrato, adxudicado a Unipost coincidindo coa chegada do Partido Popular ao goberno en 2015, venceu a finais de setembro sen que o equipo de Jesús Vázquez se adiantara para manter o servizo de mensaxería en funcionamento. O resultado empeza a ser evidente na área de recadación por exemplo, unha das que máis cartas move ao longo do ano –ata

170.000-, e onde empezaron a acumularse notificacións xa impresas, asinadas e preparadas para o envío, namentres “os prazos corren para as veciñas”, sen que haxa visos de que vaian recibir as comunicacións en tempo para estar ao día nas súas xestións co Concello.

O grupo considera de “extrema gravidade” a caducidade deste servizo e advirte que namentres a situación non se solucione “o Concello pode estar incorrendo nunha sucesión de silencios administrativos” referidos a permisos, licenzas, pago de tributos ou recadación de sancións “de consecuencias descoñecidas para as veciñas, a actividade da cidade e a propia administración local”.



Casa do Concello na Praza Maior de Ourense.

Ourense en Común pide a dimisión do alcalde de Ourense

A concelleira de Ourense en Común, Leticia Piñeiro, manifestou que desde o seu grupo están “contentas e satisfeitas” co fallo da sentenza contra o procedemento ilegal promovido polo Partido Popular para o nomeamento do xefe de Recursos Humanos do Concello de Ourense. A concelleira quixo desenmascarar “esta política de persoal do Partido Popular de colocar a amizades polo interese político”, facendo fincapé na importancia deste “posto estratégico”, xa que será “unha parte importante nas convocatorias

para provisión de outros postos de traballo no Concello”. Á vista da sentenza, Piñeiro declaraba que “temos que dirimir responsabilidades políticas”, referíndose en primeiro lugar á concelleira responsable de persoal, Flora Moure, por levar a cabo un concurso ilegal e por haber indicios de que puido cometer un delito de prevaricación, como dí a sentenza; e acusando tamén ao propio alcalde, Jesús Vázquez, por “permitir este procedemento irregular e facer caso omiso ás advertencias”, lembrando o recurso de reposición que previo ao con-

tencioso presentaran OUeC e PSOE en agosto de 2016.

A edil de OUeC calificou de labor “máis que cuestionable e sen vergoña” a de Javier Rodríguez Nóvoa no Concello desde que tomara posesión deste “cargos fabricados á súa medida” como xefe de Recursos Humanos hai pouco máis de un ano. Leticia denuncia que Rodríguez Nóvoa sacara adiante unha oferta pública de emprego con informes en contra da intervención municipal, que estea “introducindo cambios substanciais na Relación de Postos de Traba-



Leticia Piñeiro á saída dos Xulgados.

llo do Concello, negándose a levantar acta das reunións de traballo” e que incluso intentou sacar un regulamento para a provisión de postos coa pretensión de “normalizar esta política irregular do Partido Popular en

materia de persoal”.

Piñeiro concluíu que o seu grupo estudará os seguintes pasos a dar para esclarecer a grande responsabilidade política deste caso, polo que “Flora Moure e Jesús Vázquez deberan dimitir”.

Galicia

Redacción OVIEDO

Feijóo homenaxeado en Oviedo

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, referiuse en Oviedo ao labor da Asociación Día de Galicia en Asturias como a proba de que a galeguidade se constrúe desde a unión e a suma de identidades, nunca desde a ruptura. Feijóo reivindicou o galeguismo incluso como a mellor forma de afrontar o mundo interconectado no que vivimos e destacou que a identidade galega se engrandece cando se enlaza con achegas doutras culturas, fronte ao nacionalismo excluínnte que pecha ás sociedades en si mesmas e as divide internamente.

Durante o acto de celebración do XXII aniversario da asociación, no que recibiu a insignia de ouro e brillantes e o carné de



Feijóo recibiu de Manuel Fernández Quevedo a insignia de ouro e brillantes.

presidente de honra, o titular do Goberno galego valorou o seu traballo dedicado a divulgar a

cultura e a gastronomía de Galicia, así como o bo facer das nosas empresas.

"Grazas Alberto por mollarte por Galicia"

Manuel Fernández Quevedo, presidente da asociación "Día de Galicia en Asturias" procede do Concello de Nogueira de Ramuín, mesma zona de Ourense que o presidente da Xunta, ao que coñece desde que era un crío, xa que era bo amigo do seu pai, Saturnino Núñez, falecido no mes de xullo de 2016. Por iso, a súa intervención combinou o halago político cunha vertente humana na que non faltaron varias alusións familiares. En todo caso, á hora de definir a Alberto Núñez Feijóo, Quevedo resaltou a súa "humildade, honradez e sentido do traballo", como "fillo e neto de extraordinarias persoas".

"Son albertista de corazón", proclamou Fernández Quevedo, para quen "moi poucos políticos defenderon a Galicia" como, ao seu xuízo, faio Núñez Feijóo. "Grazas, Alberto, por mollarte pola nosa terra e pola nosa xente", expresou o presidente do colectivo galego en Asturias, pouco antes de entregarlle a insignia de ouro e brillantes da súa asociación, así como o diploma que lle acredita como presidente de honra.

O acto de homenaxe a Núñez Feijóo incluíu a interpretación de "Negra sombra" pola asturiana Tina Gutiérrez. Ao final, Lucía Pérez, acompañada á gaita por Marco Foxo, de Ourense, cantou os himnos do Principado e de Galicia.

Feijóo reivindica a mellora do tren polo Cantábrico

Por José A. Ordóñez

O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, recibiu en Oviedo a presidencia de honra da asociación que agrupa aos galegos residentes no Principado cun chamamento para estreitar as "boas" relacións institucionais que manteñen ambas as comunidades autónomas. "Temos que falar máis e colaborar máis, porque así o Noroeste será máis forte", subliñou o dirixente popular durante un acto celebrado no Auditorio.

Feijóo, que colocou a demo-grafía e as infraestruturas na axenda de cuestións comúns, ci-

frou en 23.000 o número de galegos afincados na rexión e agradeceu "ao pobo asturiano a gran acollida prestada" e un "agarimo" que é mutuo. "Non coñezo a un só galego que fale mal de Asturias", afirmou.

O presidente da Xunta reclamou a conclusión dos tendidos de alta velocidade ferroviaria dunha zona Noroeste, que, segundo indicou, "non necesita máis que ninguén, senón o mesmo que os demais. Non parece razoable que noutros territorios teñan AVE desde fai trinta anos e que aquí sigamos falando del", engadiu Feijóo, quen tamén reivindicou,

unha vez conseguida a conexión con Madrid, a mellora do tren pola Cornixa. Iso si, abriu a porta a que non se trate do AVE que prometeu o PP de Aznar tras o desastre do "Prestige" e que aínda figura, sen prazos nin orzamento, nos programas estratéxicos de Fomento. "A fórmula para unir a Cornixa é algo que temos que ver, porque o diñeiro é un ben escaso e susceptible de usos alternativos, pero ese proxecto non pode ser arquivado e debe seguir, da mesma forma que nunca debemos permitir un atraso tan grande na Autovía do Cantábrico", subliñou Feijóo.



Actuación de Lucía Pérez e Marco Foxo.



Sira, Micaela e Sina. (Foto Irma Collin)

"A miña primeira noiva era de Asturias"

Di que casou con Galicia e resulta que Galicia non me dá netos". A impaciencia de Sira Feijóo por ter descendencia do seu fillo Alberto acabou o pasado febreiro, cando o presidente da Xunta de Galicia (56 anos recentemente cumpridos) tivo o seu primeiro vástago con Eva Cárdenas (52 anos), alta directiva de Inditex. O pequeno Alberto non se desprazou a Oviedo, pero tamén foi protagonista do "Día de Galicia en Asturias" pola gran cantidade de felicitacións que recibiu o seu orgulloso proxenitor antes e despois de recoller a medalla de ouro e brillantes do colectivo que

agrupa á nutrida colonia de galegos no Principado.

Si que estiveron na capital asturiana Sira Feijóo e Micaela Núñez, a única irmá do presidente da Xunta, que traballa como executiva na empresa Eulen. A estreita amizade da familia con Manuel Fernández Quevedo, presidente da asociación "Día de Asturias en Galicia", favoreceu a visita. Todos proceden da mesma zona da Ribeira Sacra ourensá. Arroupado tamén por algúns familiares e amigos que residen en Oviedo, Núñez Feijóo desvelou, sen entrar en máis detalles, que a súa primeira noiva era asturiana e non aforrou

eloxios ao Principado e ao seu capital. Así, asegurou que Asturias é "unha das cidades máis bonitas de España" e destacou o cambio a mellor experimentado pola cidade desde que a coñeceu cando aínda era un neno. "De pequeno vía gris e hoxe atópoma moi limpa, verde e impecable", afirmou o presidente galego, quen recoñeceu que "aínda que hoxe non toque falar diso, Xixón tamén é preciosa, como Avilés".

Tras celebrar que a Autovía do Cantábrico sexa por fin unha realidade que deixa aos galegos que residen na área central do Principado "a tres horas de casa", Feijóo ase-

gurou que a súa comunidade autónoma "ten moito que aprender de Asturias". E é que, segundo indicou, "aquí cóidanse máis os pobos e as casas, hai máis flores nas casas e mírase máis pola paisaxe".

Polbo do Carballiño

Tamén se referiu Núñez Feijóo á súa condición de ourensán para poñer en valor, non sen certa retranscra galega, que esa provincia é "a máxima potencia exportadora de polbo, a pesar de que non ten mar". "Hai cans e gatos, pero o animal de compañía máis importante para un galego é o polbo.

Onde hai polbo hai un galego e onde hai un galego hai polvo", subliñou o presidente da Xunta, que animou á concorrência para visitar a feira do polbo que se celebra no Carballiño. "É a mellor do mundo", advertiu.

Ademais do acto no Auditorio, precedido dunha misa na catedral de Oviedo, a programación do día incluíu unha mostra dos tradicionais "encaixes de Camariñas" e unha comida de confraternización. "Estar en Asturias é estar na casa. Galegos e asturianos somos iguais", resumiu Núñez Feijóo.

El Carmen presentou o novo sistema inmótico de maior seguridade para o paciente

José Carlos Rodríguez Mouriz, director executivo de Centro Médico El Carmen, presentou o novo sistema de inmótica, deseñado en colaboración coa empresa ourensá Conexiona. "Ser un hospital intelixente salva vidas. Esta distinción achégalle maior seguridade ao paciente. Podo dicir que non hai cor entre o antes e o despois. Agora, a seguridade do paciente é brutal", sinalou Rodríguez. "O feito de ser un hospital intelixente significa que imos ter unha maior eficiencia, un maior control e unha maior optimización, ademais de ser moi respectuosos co medio ambiente", segundo Mouriz. "Máis do 80 por cento das máquinas deste centro están interconectadas, o que nos permite ter unha trazabilidade, saber que pasou, e unha serie histórica. Investimos moito diñeiro nestes avances", recalcou. Centro Médico El Carmen abriuse en 1949. "Somos o máis antigo de Ou-

rense, somos pioneiros en tecnoloxía tamén en Galicia. Xa estamos a pensar nunha segunda fase de control máis exhaustivo sobre o paciente, se cae da cama, se fai as súas necesidades sobre o cueiro...", adiantou.

Integración de equipos

O novo sistema inmótico permite a integración e xestión dos equipos e instalacións do hospital desde un punto centralizado, co que é posible supervisar e controlar o "hardware", a interrelación cos equipos e seguir así mesmo a súa evolución. O sistema manéxase mediante unha app, desde un computador, un teléfono móbil ou unha tableta. En calquera momento, o persoal do hospital encargado da supervisión pode controlar o funcionamento dos aparellos. José Antonio Laxas, responsable de tecnoloxía, detallou que "a implantación deste sistema intelixente non deixa de ser a tecnoloxía aplicada á medicina,



José Carlos Rodríguez Mouriz xunto a representantes de Conexiona.

noutras palabras, monitorar e xestionar. Calquera incidencia comunícase en tempo real".

Maior eficiencia

Dúas son as grandes vantaxes que a inmótica achega tanto ao hospital como aos seus usuarios. A primeira é unha maior seguridade para o paciente grazas á implantación desta tecnoloxía en

todos os equipos relacionados directa ou indirectamente co enfermo, como banco de sangue e plasma, neveiras e conxeladores de laboratorio ou o quirófano; en seguridade alimentaria, grazas ao control das neveiras e conxeladores de cociña, ademais de control do rango de temperaturas das enfriadoras e presión dos quirófanos.

Pero a inmótica propicia tamén unha maior eficiencia, control e optimización no hospital, o que se traduce nun control das temperaturas de cada unha das zonas do centro, control das luces de todas as áreas do hospital ou o que se chama control de presenza, sala de informática, con control histórico das persoas que accederon.

Empresas ourensás recoñecidas polo seu esforzo a prol da calidade turística



José Carlos Rodríguez Mouriz recibe do presidente da Xunta o certificado de Q de Calidade.

Catro empresas ourensás (Centro Médico El Carmen, Autos González, Viaxes Compostela e Patio-Bar Tamarindo) foron galardoadas pola Xunta de Galicia (Axencia de Turismo de Galicia) dentro da gala de Recoñecemento de Calidade Turística 2016.

Este acto, que tivo lugar no Palacio de Exposicións e Congresos de A Coruña, contou coa presenza do alcalde de Ourense, Jesús Vázquez. Jesús Vázquez, que estivo presente na entrega de distincións destaca que os premiados "demostran que a implicación do sector pri-

vado contribúe a mellorar a imaxe turística da cidade, situando a Ourense como un destino cada vez máis atractivo para as persoas que nos visitan". O rexedor ourensán anima ao sector privado "a seguir camiñando por esta senda, creando sinerxias coas administracións públicas, co fin de debuxar entre todos máis e mellores oportunidades e expectativas para Ourense".

O rexedor ourensán destaca que estas empresas "demostran que a implicación do sector privado contribúe a mellorar a imaxe turística da cidade, situando a Ourense como un destino cada vez máis atractivo para as persoas que nos visitan". Jesús Vázquez tamén animou ao sector privado "a seguir camiñando por esta senda, creando sinerxias coas administracións públicas, co fin de debuxar entre todos máis e mellores oportunidades e expectativas para Ourense".

Merenzao na Guía Repsol



O xefe de cociña, Carlos González.

O restaurante Merenzao, situado en Cadeiras, Sober, vén de ser seleccionado para figurar na Guía Repsol pouco tempo despois de que o establecemento cumprira o seu segundo aniversario, o pasado 25 de xullo. A incorporación do restaurante Merenzao á Guía Repsol converte a Sober (Lugo) nun dos poucos concellos rurais galegos en formar parte desta prestixiosa lista.

O anuncio foi dado a coñecer polo alcalde, Luis Fernández Guistián, ao responsable do local, José Ramón Martínez Mareque e o xefe de cociña, Carlos J. González. No acto, celebrado no miradoiro de Cadeiras, participaron tamén un nutrido grupo de produtores locais aos que os promotores da iniciativa agradeceron o seu labor e a súa contribución a este logro.

Novas da Raia

Redacción PONTEVEDRA

O Porriño di “non” á proposta de ADIF de “encaixar” o paso a nivel situado no centro do casco urbano

Non. Esa foi a resposta que deu a maioría da Corporación do Porriño, o pasado 21 de setembro á directora xeral de Explotación e Construción de ADIF, Isabel Pardo de Vera, na xuntanza que mantivo no Concello coa alcaldesa, Eva García de la Torre, e os voceiros dos grupos políticos municipais.

ADIF traía coma proposición a de “encaixar” o paso a nivel que atravesaba o centro do Porriño, que os peóns cruzasen por baixo da vía, por un paso soterrado ao que accederían nun ascensor, e os coches circularían por un paso elevado situado a uns metros do paso a nivel.

A alcaldesa, que foi a única que compareceu ente os xornalistas, subliñou que esa pretensión de ADIF non é aceptábel e que o único que faría é que a actual situación do paso a nivel se alongase “cen anos máis”.

Para García de la Torre non hai máis solución que un cam-



A directora xeral de Explotación e Construción de ADIF, Isabel Pardo de Vera visitou O Porriño o pasado 21 de setembro.

bio do trazado da vía o cal, lembrou, os responsábeis de ADIF vían posible en 2006, contando para elo co acordo entre o Goberno do Estado, o Goberno de Galicia e os concellos de Mos e O Porriño.

Ate que non se atope unha solución definitiva, a Corpo-

ración do Porriño esixiu que as medidas de seguridade sexan extremas, logo de moitas incidencias e fallos nas barreiras do paso a nivel e grande velocidade –de ata 150 quilómetros por hora– á que circulan os trens polo centro do Porriño.

16 vivendas contarán con servizo de saneamento en Pomar de Suso

Nuns días quedarán rematados os traballos para a conexión á rede de saneamento no barrio de Pomar de Suso, obras que contan cun orzamento de 134.466,89 € con cargo a Augas de Galicia, financiado nun 75% cos fondos FEADER da Unión Europea. Unha vez finalizadas as obras, unhas 16 vivendas poderán conectarse directamente aos colectores do Consorcio do Louro. A obra supón a instalación dun total de 484 metros de colector, que desembocarán no tramo xa existente actualmente no mesmo barrio.

Estamos a falar dun tramo prioritario para o Concello de Salceda de Caselas, xa que dará ser-

vizo a diversas vivendas de recente construción, así como a outras que na actualidade estaban a ter serios problemas de residuos, sen as infraestruturas precisas para solventalos.

Con este novo tramo, Salceda dá un paso máis cara a consecución do saneamento integral do municipio, deixando a parroquia de Santa María de Salceda moi preto de conseguir estar saneada por completo.

O pasado día 26 visitaba as obras o Delegado da Xunta Ignacio López-Chaves que, acompañado polo Alcalde de Salceda e por diversos Concelleiros/as, comprobou o estado xa case rematado das mesmas.



O PP de Ponteareas agradece á Xunta a inversión de 250.000 euros na mellora de infraestruturas básicas das parroquias

Aorde de axudas destinadas ás asociacións veciñais 2017 da Xunta de Galicia destinou ao concello de Ponteareas 145.000 euros que xunto coas subvencións do ano 2016 suman un total de máis 250.000 euros. Estas axudas veñen a cubrir a desaparición dos plans de axudas que a Deputación de Pontevedra destinaba ás asociacións.

As obras que se subvencionan con estes fondos van destinados ao acondicionamento de casas culturais, a obras de mellora e reparación de depósitos de auga de traídas parroquiais e tamén a tamén acondicionamento de cemiterios parroquiais, entre outras.

Dende o Grupo Municipal do

Partido Popular de Ponteareas mostran a súa satisfacción na que un ano máis a Xunta de Galicia, a través do Plan Específico de Acción Comunitaria posto en marcha destine, por segundo ano consecutivo, importantes fondos económicos para que as distintas Asociacións que temos no termo municipal poidan levar a cabo obras de infraestruturas básicas parroquiais.

Nas anteriores lexislaturas do PP no goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, estes colectivos dispoñían de diversos plans de subvencións para poder facer fronte a estas melloras e reparacións das súas infraestruturas. Co novo goberno provincial (PSOE-BNG)

elimináronse estas axudas e a actual presidenta do ente provincial afirma que co Plan de Concellos quedan máis cubertas todas as necesidades que as asociacións poidan ter e para elo diríxeos ao Concello argumentando que este é o que coñece mellor as necesidades dos seus veciños.

Nembargantes o que acontece é que as asociacións veciñais, de montes... van ao Concello a solicitar axudas para as melloras das súas infraestruturas e o goberno e o Alcalde dinlles que non hai cartos e o que en realidade sucede é que cando deciden os proxectos para incluír no Plan de Concellos non contan para nada con estes colectivos veciñais.

A Xunta desenvolve as obras de acondicionamento do Sendeiro Río Deva a Praia Fluvial de San Xoan

O Concello de Arbo, quere continuar pondo en valor o entorno do Río Deva a través de acondicionamentos de sendeiros, mobiliario na Praia Fluvial e a divulgación de rutas a través de paneis informativos. Deste xeito, o Concello de Arbo, solicitou a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, colaboración para o acondicionamento do Sendeiro dende o Río Deva a Praia de San Xoan de Arbo. Neste marco a citada conselleira, comezou as obras de previstas que consisten na roza manual do trazado, a mellora do camiño, a instalación de pasarela de madeira e escaleiras, construción dun muro de cachotaría para estabilizar o camiño e instalación dun panel interpre-

tativo coa información relativa ao sendeiro.

Según manifesta o alcalde, Horacio Gil, pretende continuar co Sendeiro que une a Praia fluvial do Río Miño, que vai ata o Río Deva a Altura do Río Deva, e unha zona de extraordinaria beleza na que se mesturan de xeito case que único o patrimonio cultural, histórico e natural. Todas estas actuacións pódense encadrar dentro do Plan de mellora que se ten previsto para conseguir que Arbo, “siga a ser un referente turístico nacional”, leva aparelado tamen os traballos de rehabilitación da ponte románica de San Xoan, obra que realizara a Conselleira de Cultura logo do convenio asinado en Abril de 2017.

Redacción PONTEVEDRA

Concello de Ponteareas e Seguridade Social negocian o edificio da Praza Maior

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a Tenente de Alcalde, Chus Garrote, reuníronse co Director da Tesourería da Seguridade Social, Juan Herrera de la Rubia, e co director provincial do INSS, Luís Pérez, para dar un paso máis na adquisición de dúas das plantas do edificio da Seguridade Social na Praza Maior.

O goberno de Ponteareas destinará estas novas infraestruturas a crear un viveiro de empresas e un espazo para emprendedores, entre outro tipo de usos e iniciativas. A intención do goberno local é axilizar as negociacións para a adquisición das dúas últimas plantas deste edificio, estratéxicamente ubicado, e que ofrecería espazo para distintos proxectos recollidos dentro das liñas de traballo da estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable"



que se desenvolverá con cargo aos fondos FEDER da Unión Europea.

Como continuación do acordo da Xunta de Goberno Local de novembro de 2016, o Concello de Ponteareas sentouse cos responsables provinciais do INSS para

seguir os pasos pertinentes ata acadar o uso destas dúas plantas, valeiras dende hai máis dunha década, que reúnen as mellores condición para albergar este viveiro de empresas e outros usos sociais.

Bueu aproba o PXOM



O Concello de Bueu celebrou o 22 de setembro un fito histórico, coa sinatura da aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), un instrumento que ditará o futuro urbanístico da vila morracense e no que o consistorio leva traballando case vinte anos. Precisamente a este esforzo conxunto se referiu o alcalde, Félix Juncal, durante o acto oficial que tivo lugar este mediodía no salón de plenos da Casa do Concello, e no que estiveron tamén presentes Beatriz Mato, Conselleira de Medio Ambiente, Encarnación Rivas, Directora Xeral de Urbanismo, José Manuel Cores Tourís, Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra, e membros da corporación municipal, como Silvia Carballo, José I. Cuervo, Martín Villanueva (BNG), Manuel Santos (PP), Ramón Cerviño (PP) e Xulio Villanueva (ACB-SON).

O alcalde mostrouse orgulloso e satisfeito, pois salientou que "moitos dos esforzos destes dez últimos anos se centraron en sacar adiante este plan, no que están implicadas tantas persoas". O rexedor quixo facer pois unha mención especial á Directora Xeral de Urbanismo, polo apoio prestado, así como ao concelleiro de urbanismo, Martín Villanueva, "quen foi capaz de xestionar este documento moi en complicidade coa cidadanía local". Así mesmo, Juncal agradeceu a todo o funcionariado implicado, ao equipo redactor e á cidadanía, que man-

tivo viva a ilusión por este plan que se presenta "como un instrumento de futuro que consolidará o modelo urbanístico de Bueu, en consonancia co respecto polo medio ambiente e a natureza".

Pola súa banda, a Conselleira de Medio Ambiente declarou que "o día de hoxe é unha data histórica para Bueu porque haberá un antes e un despois tras a sinatura deste novo plan". Beatriz Mato referiuse á estreita colaboración entre a administración local e a autonómica, e resaltou que a vila morracense foi dos primeiros concellos en contar cun plan, alá polo 1926. Así mesmo, e tras as máis de 800 alegacións que se presentaron, Mato destacou que o presente se "trata dun plan participativo e transparente".

Entre os obxectivos deste novo PXOM salientados pola Conselleira están a cualificación de novas reservas de solo para actividades produtivas, a protección e posta en valor do borde do litoral, a creación de novas vivendas, a ampliación do ámbito do parque empresarial de Castiñeiras, a creación de zonas verdes supramunicipais, a recuperación e posta en valor o sistema asociado ao río Bispo, ou a delimitación de zonas verdes e libres, entre outras.

Tras esta sinatura e o longo proceso de traballo, o PXOM entrará xa en vigor coa publicación tanto no Diario Oficial de Galicia (DOGA) como no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Encontro Coral de Outono en Guillade

A asociación de Veciños San Gregorio de Guillade organiza a novena edición do "Encontro Coral de Outono" en colaboración coa coral Ars Cantorum.

O vindeiro sábado sete de outubro ás 20:30 horas terá lugar no centro cultural de Guillade este encontro no que actuarán a polifónica coruñesa Canticorum, a coral Airiños de Campañó e a coral anfitriona Ars Cantorum de Guillade.

Dende 2005 a coral Ars Cantorum ensaia no centro cultural, na actualidade conta con trinta membros pero seguen abertos a novas voces que se queiran incorporar. Ensaían os luns e os mércores de 19:30 a 21:00 horas.

Carlos Durán Diéguez, presidente de Ars Cantorum, anima a tódolos interesados a inscribirse ou obter máis información a través do enderezo electrónico cdurandie64@gmail.com, enderezo no que tamén se



pode contactar para adquirir o CD editado pola coral "Te canto, escúchame".

Arbo premia aos alumnos de viticultura

Un total de 20 alumnos, menores de 30 anos, comezaron o curso de Viticultura e enología que organiza o Concello de Arbo, no Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea "Arabo".

Como un incentivo máis a esta formación, aprobouse un concurso destinado ao alumnado participante.



Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

Tosta de sardiña na Xanela

Vai chegando a noite e as luces do Casco Vello comezan a brilar. Os meus pasos me levan de vagariño ata a rúa Irmáns Villar. Puidera parecer que galegos tan ilustres serían merecentes dun recoñecemento mais notorio, nembargantes penso que o aire que se respira nesta rúa reflicte claramente a esencia da loita de Antonio e Ramón. Subindo pola Praza de Santa Eufemia xiro á esquerda, rodeando o Café Real, para entrar na rúa Irmáns Villar; dous pasiños mais adiante atópome cun pequeno local que me chama a atención "A Xanela". Con esa pequena inseguridade que todos temos cando nos enfrentamos a algo novo, entro no local e de súpeto me atopo co primeiro dos segredos dos que vos falaba: Jose o dono deste tinglado. Monfortino de nacemento, madrileño por obriga e ourensán por convicción Jose é nin mais nin menos que o que se ve, alguén cercano, noble, campechano e un magnifico tirador de canas de cervexa (aprendeuno en Madrid "algo bo tiñan que ter na



José Miguel "tirando" unha caña de cervexa.

capital".

Sentado ó carón da xanela e disfrutando da miña cervexa o estomago tamén quere ser protagonista do momento. Jose me aconsella, acertadamente, que probe a tosta de sardiña. Non se equivocaba, está exquisita. E como todo é cuestión de empezar, decido facer unha viaxe gastronómica ó longo do mundo, o través da carta de pinchos: comezo a miña singladura na tan querida Cuba con sabores que me lembran o seu "son", baixo

ata un México picantón e... pido outra cana, sabores a especias me trasladan a oriente e para rematar, como diría Iago do Miudiño, fago un completo co pincho siciliano.

Disfrutando dos últimos tragos de cervexa contemplo con pracer a rúa o través da "Xanela", a xente pasa e observa con curiosidade o interior, as nosas miradas se cruzan "pasade e disfrutade" dicenlle os meus ollos. A Xanela ben se merece un "me gusta". (Laura Labrador).

Comida mexicana no Catorce

Mesón tappería O Catorce está especializado en comida mexicana. Flautes de pito, taquitos de camarón, guacamole, gringa pastor e tacos de camarón á diablo. Tamén ofrece nachos, enchilados mixtos, quesadillas, tacos pastor e tosta de tinga preparados polo mexicano Rafael, que leva tres anos en Galicia.

Pero o propietario do establecemento, Manuel Outomuro

Casas, non se olvida da comida tradicional galega de elaboración propia con produtos naturais e frescos de provedores especialistas. O local ofrece tamén ensaladas, tapas e racións, táboas, patacas bravas, revoltos, tortilla (marciana, mariñeira e Os Suaves), rotos, tostas e pratos vegetarianos. O concepto é combinar comida mexicana coa galega. Non abre os mércores.



Manuel e Rafael degustando a súa comida mexicana.



Especialidad Comida Mexicana

MESÓN TAPERÍA

CATORCE

Rotos y Tostas

Especialidades mexicanas:

Flautas de pollo. Guacamole

Gringa Pastor. Nachos. Enchiladas

Quesadillas. Tosta de Tinga.

Taquitos de camarón a la diablo.

607 236 581 . 988 240 922

(Pza. Los Suaves esq. Pza. do Trigo)

Rúa Cisneros . Ourense



Os socialistas gañan tres dos catro maiores concellos do País, incluído Lisboa

A dereita lusa ven de rexistrar os peores resultados da súa historia nunhas eleccións municipais

O Primeiro Ministro Antonio Costa, líder do Partido socialista portugués PS, fíxose con 154 concellos dos 308 que existen en Portugal. Os conservadores de Pedro Passos Coelho sacaron os peores resultados; apenas conservan Braga e a aristocrática Cascais. Un verdadeiro batacazo, quedando en 3º lugar tanto en Lisboa como en Oporto, onde o independente Rui Moreira foi reelixido con maioría absoluta. O gañador de Oporto durante a campaña electoral intercambio duros comentarios con o candidato socialista Manuel Pizarro. Agora ao ser reelixido por maioría absoluta e verse de novo fortalecido, declarou que planea desatar a súa vinganza sobre os que puxeron en dúbida o seu 2º mandato.

No PSD pídese a cabeza de Passos Coelho. Manuela Ferreira Leite, antiga líder do partido, manifestou que chegara o momento de facer profundos cambios no PSD. Outro exlíder, Luís Marques Mendes declarou que non lle extrañaría que Passos Coelho presentara a dimisión de inmediato. “Se non o fai –dixo– a súa vida vai ser un inferno”

Os comunistas tampouco se salvaron da queima

Os comentaristas opinan que os comunistas lusos puideron verse afectados polo “abrazo do oso socialista”, cando tiveron que armonizar posicións no Parlamento onde gobernan co PS. Para moitos dos seus votantes iso fixo desaparecer as diferencias que existían entre os dous partidos e, como pasa sempre, o máis pequeno cedeu diante do máis poderoso, do máis forte.

No alto Minho cambia un chisco o decorado

O PSD pasa a controlar catro Câmaras Municipais logo de gañar ao PS en Monção, gobernado pol PS desde fai 20 anos e obter o 54% dos votos en Ponte da Barca onde o socialista Vassalo Abreu, que xa non se presentaba, levaba gobernando 12 anos consecutivos, e de revalidar mandato en Valença e Arcos de Valdevez. O PS

quedouse con Viana do Castelo, Melgaço, Paredes de Coura e Caminha. Os demais foron candidaturas independentes que repetiron resultados.

O líder distrital socialista Miguel Alves confesou que o resultado do domingo electoral tiña sido moi acedo para o PS, aínda que el tiña revalidado o seu posto unha vez máis na Câmara de Caminha. “Tiñamos seis Câmaras, declarou, e agora temos catro. Esta non foi unha noite feliz para o PS; como Presidente da Federación Distrital reconezo que foi unha noite moito amarga”.

A Câmara de Vila Nova de Cer-

veira segue nas mans de Fernando Nogueira, independente; líder de “Pensar Cerveira”, seu partido, mantendo a maioría absoluta. A coalición CDS-PP conserva a Câmara de Ponte de Lima coa reelección do seu actual Presidente Victor Mendes.



Antonio Barbosa conquistou Monção para o PSD logo de 20 anos de goberno socialista.



Miguel Alves, líder distrital socialista, que venceu para máis un mandato na Câmara de Caminha



Victor Mendes, do CDS-PP, manteve a Câmara de Ponte de Lima



José Maria Costa festejou “vitória histórica” em Viana do Castelo



“Pensar Cerveira”, liderado por Fernando Nogueira, assegurou a reeleição para segundo mandato



A festa do socialista Vitor Paulo Pereira reeleito em Paredes de Coura



Manoel Batista a festejar vitória eleitoral em Melgaço

A urbanización do Centro de Saúde do Couto rematará en outubro

As obras de urbanización do Centro de Saúde do Couto, que comezaron o pasado 12 de xuño, avanza a bo ritmo e estarán rematadas no prazo previsto: “para a segunda semana de outubro poderemos ver toda esta infraestrutura rematada”, aseguraba o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, nunha visita realizada xunto co concelleiro de Infraestruturas, José Araújo, e os responsables da empresa adjudicataria.

A urbanización da contorna é o requisito imprescindible para que o Concello poida outorgarlle licenza de apertura ao Centro de Saúde. As obras, adjudicadas en xunta de goberno local o pasado mes de maio, supoñen medio millón de euros de investimento total (aos 479.710 euros, IVE incluído, hai que sumar os 17.908 euros do proxecto). Trátase de dotar o Centro de Saúde de novos accesos desde a rúa Bispo Lourenzo, Castro Canseco e Velázquez, a instalación de

novos pavimentos, beirarrúas e espazos verdes.

Estando a plantar árbores como cedros do Atlas, pradairos e chopos brancos e negros. Así até un total de 31 unidades. Do mesmo xeito, instalarase mobiliario urbano, redes de abastecemento e saneamento conectadas á rede municipal, instalacións eléctricas, e demais aspectos precisos para a completa urbanización.

Declaracións

“Se todo vai ben e se non hai ningunha incidencia entendemos que entre a segunda e terceira semana de outubro estarían rematadas as obras”, explicou o alcalde. “É unha obra que dará paso á apertura do centro de saúde do Couto, pero en todo caso estamos falando da humanización da confluencia destas tres rúas”, agregou o alcalde, que fixo fincapé na aposta pola instalación de árbores e na creación de prazas de aparcadoiro que posibilitará esta urbanización. “Nós temos que acabar esta obra, recepción



Visita de alcalde e técnicos ás obras de urbanización.

nala e nese momento dicirlle á Xunta de Galicia que pola nosa parte ou Concello xa desenvol-

veu a tarefa que tinga encomendada”, dixo Vázquez, que insistiu en que os técnicos se

negan a conceder a licenza sen que esta urbanización estea terminada.



Área sanitaria para dez mil pacientes

Aposta en funcionamento do centro ambulatorio depende das obras de urbanización da contorna que corresponde executar e financiar ao Concello de Ourense. O Concello encontrouse con múltiples problemas. O proxecto foi aprobado definitivamente unha vez que se superaron as trabas da Confederación Hidrográfica Miño-Sil ao interpretar que o solar podía atoparse nunha zona inundable. “Conseguíuse un informe favorable tras meses de negociacións e agora o proxecto atópase na área de Infraestruturas para a súa adxudicación”, explicaba o concelleiro de Urbanismo de Ourense, José Jesús Cudeiro.

A Xunta quería inaugurar o centro o máis pronto posible tendo en conta que é unha vella demanda dos veciños. Sinalouse unha data entre os meses de xuño e xullo. O concelleiro de Urbanismo de Ourense matizou: “Mentres non estea executada a urbanización non pode abrirse. Se o edificio está terminado o acto inaugural pódese facer, pero outra cousa é que se abra.

Sería un caso similar ao que nos atopamos coa residencia universitaria, que necesitaba das obras de urbanización para estar aberta”.

As previsións da xerencia hospitalaria é que arranque cuns dez mil pacientes e dez médicos. A súa apertura tamén aliviará o nivel de ocupación dos centros de Nóvoa Santos (na rúa Xoán XXIII) e o da Carballeira. Ao desconxestionamento dos centros de atención primaria tamén axudaría a construción do anunciado centro de saúde de O Vinteún.

Tres cafeterías abríronse nos últimos meses. Dous deses establecementos están situados xusto na zona que o Concello está a urbanizar actualmente para poder conceder a licenza de ocupación ao centro de saúde. Segundo Jesús Vázquez, deseñar esta actuación non foi sinxelo debido a que afecta a distintos intereses. “Houbo que facer pequenas adaptacións e chegar a puntos de encontro con propietarios para tratar de satisfacer a todos”, sinalou o rexe-



Centro de Saúde do Couto. Detrás, os Xulgados.

dor, que insistiu en que “o importante neste caso é facer desta zona unha zona humani-

zada, que poida dispoñer non só dun espazo de zona verde senón que tamén se homoxeinice xunto

coa primeira parte que se desenvolveu asociada precisamente á construción do Pazo de Xustiza”.



Especialidad en Empanadillas venezolanas y arepas
Comida venezolana por encargo. Bebida bien fría y zumos naturales
c/ Velazquez, 3 (El Couto) Ourense - ☎683 172 933



Café Bar
SARMENTO

Bocadillos, pinchos,
hamburguesas.

Cocido e cenas
por encargo.

Liga de dardos.

Rúa Murillo, 25.
O COUTO (Ourense)



**Mudanzas
exclusivas para Vd.**

**Elevadores
de muebles
hasta 8 pisos.**

988 224 949 – 609 84 32 03
info@mudanzasjoseluis.es
www.mudanzasjoseluis.es



A Xunta inicia os trámites para declarar Ben de Interese Cultural á Ribeira Sacra na categoría de paisaxe cultural

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, anunciou na rolda de prensa do Consello o inicio dos trámites para declarar a Ribeira Sacra Ben de Interese Cultural, na categoría de paisaxe cultural. En relación ao cronograma de delimitación do espazo do Ben de Interese Cultural, Feijóo subliñou que o expediente para a declaración como BIC comezará en decembro deste ano, co obxectivo de que despois da exposición pública e o período de alegacións, se poida aprobar definitivamente a finais do ano que vén.

Durante a rolda de prensa, Feijóo referiuse aos tres valores que

reúne a Ribeira Sacra para ser BIC: valores naturais, debido á combinación de factores climáticos, xeomorfolóxicos, acuáticos e biolóxicos da zona; valores culturais, debido aos elementos relixiosos, seculares e etnolóxicos, ademais da rica toponimia local; e valores mixtos, que resultan da interacción do ser humano coa natureza.

Estes tres grupos de valores enmárcanse na xeomorfoloxía dos canóns e os seus afluentes principais; nos Bens de Interese Cultural e de valor extraordinario que están presentes na Ribeira Sacra e mais as súas contornas; e a característica estruturación do territorio en socalcos, abundou o presidente da Xunta.

A delimitación do BIC

En relación aos límites da paisaxe cultural Ribeira Sacra, Feijóo precisou que polo norte serán o canón do Miño, que limita a presa de Belesar e que cosen as parroquias de Rebordeos, no Saviñao, e de Pesqueiras, en Chantada; e polo sueste, o canón do Sil, que limita coas parroquias de Vilachá, na Pobra do Brollón, e a de Torbeo, en Ribas de Sil.

“O resto da delimita-

ción é a que refire á liña de borde da bocarribeira”, engadiu, lembrando que este concepto, que popularizou Ramón Otero Pedrayo nun poemario, refírese á pendente que baixa desde o alto dunha montaña ata o río, e que na Ribeira Sacra adoita estar configurado en socalcos. A área do BIC gozará ademais dunha protección especial, para asegurar os valores máis senlleiros da Ribeira Sacra. Así, nestas zonas, as actuacións nos bens singulares categorizados como BIC, as novas construcións, as rehabilitacións integrais e as actuacións que alteren a paisaxe de xeito importante necesitarán autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Cómpre salientar que por fóra do límite do futuro BIC atópanse os exoámbitos, que axudan a definir os valores extraordinarios da zona. Ao respecto, serán exoámbitos 17 bens, entre eles, o mosteiro de San Pedro de Rocas, o casco antigo de Monforte, o poboado de Montefurado e a colexiata de San Xoán de Portomarín, entre outros. Para actuar neles tamén será necesaria unha autorización da Xunta.

Por último, haberá unha terceira zona que funcionará como área de amortecemento, o que servirá como marxe de seguridade para evitar que a Ribeira Sacra se vexa prejudicada por algunha actuación exterior. E, nela fará falla



Igrexa de Pombeiro en Pantón.

unha autorización para executar grandes infraestruturas.

Cómpre subliñar tamén que quedará fóra do ámbito de autorización toda actividade agrícola, desde os viñedos ata outros cultivos tradicionais da zona, sempre que non supoña modificar os socalcos. Tampouco necesitarán permiso da Xunta todos os traballos de mantemento e conservación que teñen que ver coa viticultura, incluíndo os sistemas de mecanización compatibles coa estrutura actual do terreo.

Concellos

Ao longo da súa intervención, o presidente da Xunta subliñou que o ámbito proposto como BIC, engloba máis de 17.300 hectáreas, 306 quilómetros, 21 conce-

llos, 86 parroquias e 171 núcleos de poboación. En concreto, os concellos son: A Peroxa, A Pobra de Trives, A Pobra de Brollón, A Teixeira, Carballedo, Castro Caldelas, Chantada, Esgos, Monforte de Lemos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, O Saviñao, Pantón, Parada de Sil, Paradela, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, Sober, Taboada e Xunqueira de Espadanedo.

Segundo resaltou o máximo responsable autonómico, a Xunta inicia a declaración da Ribeira Sacra como BIC grazas á nova Lei de Patrimonio Cultural, que establece por primeira vez a categoría de paisaxe cultural: un lugar senlleiro configurado coa actuación conxunta da natureza e o ser humano durante séculos.



Cabaceiro en O Souto (Pantón).

INTERVENCIÓNS PSICOEDUCATIVAS

Dislexia
Discalculia
Falta de atención

2 sesións á semana
Grupos de 4
Edades 6 - 11 anos

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA
GRATUÍTA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51